


# nós.





BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GAL-  
LEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS."

DIREITOR:

Vicente Risco

REDAUTOR XEFE:

Xavier Prado (*Lameiro*)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cabanillas,

Alfonso R. Castelao,

Antón Lousada Diéguez,

Florentino L. Cuevillas,

Leuter González Salgado

XERENTE:

Arturo Noguerol

SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín

Ramón Otero Pedrayo,

COLABORADORES:

Telxeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philléas Lebesague, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Colmbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas, Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lois Huici, Ramón Villar Ponte, Handicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso (*Goal*), Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Praza do Ferro, 6

ADEMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. . . . . 6 ptas.

Na Argentina. . . . . 6 pesos

En Cuba . . . . . 3 dolars

Números atrasados 3 ptas. Número solto, 1 pta.

Iste boletín non publica mais orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. — Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo des que por non iren rubrados, enténdese que son da Redacción.

SUMARIO

*Encol da aldeia*, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.

*De mim*, por TEIXEIRA DE PASCOAES.

*Orballo*, por BLANCO-AMOR.

*A Estrela y-o Aturuxo*, por FRANCISCO LOIS BERNÁRDEZ.

*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

*Unha nova teoría encol do home*, por ANTÓN VILAR PONTE.

*Unha Historia da Colonización Portuguesa do Brasil*, por VICENTE RISCO.

*Seición Arqueolóxica: Nota encol da Eirexa de Santa María de Marrube*, por XOQUIN ARIAS SANXURJO.

*Arquivo Filolóxico e etnográfico de Galiza*, por E. PEINADOR LINES.

*Os homes, os feitos, as verbas*, pol-a REDACCIÓN.

*Fóra de texto: Estética da Muñeira (separabre)*, por E. MONTES.

*Arco da vella*, por FERNÁNDEZ MAZAS.

NOS

**MANUEL SEOANE** ♦

MADEIRAS LABRADAS DE TODAS CLASES

AXENCIA DE FERROCARRILES  
Ponte Mayor. - OURENSE

MÉRCANSE APEAS PRA MINAS

# SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

*Ponte Mayor y - Ourense*

## XULIO GARCÍA PÉREZ

MÉDECO CIRUXANO

Goberna toda clás de ósos partidos e desgovernados e fai operaceos quirúrxicas

**Vota o RAYO X**

TELÉFANO 324

## SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

**DON MANUEL POL PIÑEIRO**

CO' A COPERANZA DOS DOUTORES

**D. Francisco José Ríonegro** : D. Manuel Bouzo Fernández

Iste establecemento está situado na carretera da Lonia, e conta con un completo gabinete de RAYOS X.

## LÓPEZ E RUIZ

Telegramas e Telefonemas  
**LÓPEZ RUIZ**

Codes: A. B. C. 5ª edición  
**TELÉFONO 198**

**AVENIDA DE BUENOS AIRES, 31**

(O lado do Asilo de Ancianos Desamparados)

**OURENSE**

Depósito de madeiras de todas clases pra construción e carpintería en xeneral.

Postes e traveseas pra camiños de ferro : Serroría mecánica e fabricación de toda clás de caxeiría.

# Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL  
MOEBLES ECONOMECOS E DE LUXO  
FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vostede pode montal-a sua casa con solo visitar isto establecemento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE

## GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCION CENTRAL  
AMPLIAS HABITACIOS :: COARTOS DE BAÑO  
PENSION COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: GASPAR PEREZ ROBLES

Teléfono 21

## Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDAS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPRESENTANTE N.º A ARGENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 925

BUENOS AIRES



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano III

Ourense 1 de Nadal 1922

Núm. 14

## ENCOL DA ALDEIA



A fai bastantes anosfixen unha visita a Toledo. As osamentas d'esta cibdade, hermética e inqueda podrecían, coma fai tantos séculos baixo o duro sol e entre a polvoeira dos secos agros casteláns. Por alí danzaba un fato

d'artistas, d'ateneístas, de loiros septentrionaes d'ises que visitan os moimentos coma quen corta o cupón ou fai o seu diario traballo oficiñesco.

Pouco tempo despois d'aquela visión toledana, visitei Sevilla e Compostela; eu cando chego a unha cibdade descoñecida, o primeiro que fago é buscar unha torre alta e rubir a ela pra coller d'unha ollada ambiciosa a maneira como o pobo está posto no campo, si está torto ou dereito, se s'espalla ou si s'encolle. Cando non hai torre, enton rubo n-un tellado. A comparanza das tres visións: Toledo, Sevilla, Santiago enseñan mais sobra a hestoria, a arte, o carauter dos pobos hispanos que longas lenturas e cen eruditos cursos. Tiven deseguida o sentimento da cristalización cúbica—así cristaliza o sal—da construción de Sevilla e dempois leín qu'ise era o esquema da arquitectura árabe: branca, encalada, posta n-unha veiga d'oliveiras, Sevilla rise do sol. O paisaxe andaluz sen sol é tan triste e vacío qu'il sollo xustifica o delor da copla popular n-aquela terra. Toledo, traballado n-un penedo

duro com'o ferro, pareceume unha obra d'artificio, de loita co-a natureza, d'erudición. Artificio son as páxinas dos escritores do século d'ouro, as decadentes arquitecturas oxivaes, as obras dos ourífices, a teoloxía dos carmelitas. Santiago nasce naturalmente no cerco montanoso no qu'adormece: vese o granito arrincado das canteiras colocado en severas ordeacións con tanta craridá coma vemos erguerse pouco a pouco unha casíña de perpiaño, preto da canteira á veira da carretera. Santiago rise do sol, da lúa e da auga. Non-a teme: ó contrario, ela continúa a obra dos arquitectos e dos escultores, decorando co-as preciosas coloracións dos musgos e líquens, dos orcelos e das parietarias. Eiquí podemos maxinar un comenzo d'estética do paisaxe e do arte e vida galegos, a terra e a vida naturalmente fundidos.

Sobr' esto do paisaxe de Galiza dicense moitas cousas, ou falsas ou tan vagas e pouco xustas que convén poñelo no seu verdadeiro carauter. Dicese por un lado: paisaxe saudoso, doce, mimoso, verdecente, moi propicio pró doce ensono, algo oriental e priguizoso. Está ben, mais non é toda a verdade. Hai nas terras atlánticas e cantábricas moitas paisaxes verdes que non teñen nada de aire co chan galego. Outros falan d'un país montanoso e rudo; moitos d'istes afeitos a consideraren as llanuras coma o chan escrusivamente agrícola, as montañas coma fondo das tonadas pastorís, ou coveiro dos lobos. Tamen hai certa verdade n-este modo de ver; mais incompreta. A montana galega non ten nunca a nemiga severidade das montañas cántabras ou carpáticas. Pra min o carauter primordial da

Galiza está na forma do seu modelado, o cal depende da roca fundamental: o granito. Por longos anos os poetas e os escritores non miraban prá pedra, pró coiro, a carne, o oso do praneta. Cando inda non certaban co-a alma d'un bosque ou d'unha veiga, menos poderían sentila fonda e eterna poesía da terra núa. Tamen hai unha estética da Geoloxía. N-este sentido, o noso é un belísimo macizo granítico traballado pol-o traballo secular das augas. En calquer costa, na ladeira d'un val, coma no perfil das lonxanas liñas que fechen os ourizos, síntese esta forma soave, de ampla curva maternal, coma de seio ou cadeira. A topografía particular dos vellos países graníticos atópase craramente representada na Galiza. De tan vello, o noso anaco d'esferoide desfaiase esmorecéndose na ledicia dos longos meses de chuvia, recibindo o alegre tumbo das olas d'un mar épico. Pondal foi o primeiro que s'estremeceu ó sentir vibrar a terra galega baixo os seus pasos, Cabanillas e Noriega son tamen n-este sentido poetas cósmicos. Os nosos montes non teñen seu curuto en corno, en cuchila, en dente nin en pirámide. Vede os seus nomes: meda, coto, rodeiro, pena; teñen a forma dos grandes anteiros ou penedos (ovoideos, cupulares) chamados inocentemente na Guía Baedeker *bloques erráticos* como si non foran nados no mesmo sitio onde envellecen nobremente. A montana chega ó mar e ábrese a todos; non é dura e ingrata, a vide trepa pol-as suas ladeiras e ruben co-ela os pobos coma rapaces qu' agatufiaran pra apañal as cereixas. As montañas chegan ó mesmo mar afondando as suas faldras no Atlántico, e baixan hastra a propia corrente das augas.

O feldeespato, o cuarzo e a mica son os elementos do granito. Isto deprendímolo todos no Instituto, mais hai que saber a sinificación de cada un d' eles: a dureza do cuarzo, luz boreal, luz de mañá cristalizada, aparece mitigada pol-a dozura e soavidade homilde do feldeespato. A mica é un elemento fillo do luar: nas noites as micas brilan com' as xemas dos gnomos. Nos terreos vese craramente a descomposición dos fautores rocosos: alí brilan pouquiño as micas hastra que que desfeitas pol-o arado, misturadas cos abonos, rematan por desaparecer na homildá da terra vexetal. Por riba d' estes seixos e laxeiras, os ríos traballan ledamente coma traballan os serranchis no monte, espellando o seu fondo pol-a pureza batida das augas. Sobr'a táboa granítica esnaquizada e traballada, as augas seguen faguendo eternamente un traballo d' escultura. Mirálas coma se destrenzan e espallan pol-as ladeiras dos montes de San Esteban. Alí

hai o *aplech* de monstros mais temeroso do mundo: tódal-as formas maxinabres da vida animal nas suas infinitas complexidades teñen alí a sua representación, mais en preiro a pedra homilde e solene dos montes batidos pol-o vento, onde viven os piñeiras medoñentos. Vede que ben concertan a obra sinxela dos homes cos penedos. Tendes por eixeiro as eirexas románicas, os lexendarios mosteiros ou o santuario de San Pedro de Rocas. Os canteiros e os maxineiros románicos, anónimos, admirabres poetas, traballaban intuitivamente sen darse conta, seguindo a maneira da terra. Esa é a colaboración mais grande e respeitabre que se pode producir n-un pobo.

N-este sentido temos en Galiza unha arte fundamentalmente representativa dende os moimentos máxicos ou relixiosos da alborada céltica e da moceda do románico hastra os luxosos crepúsculos do noso barroco. Díxemos a separanza fonda antr' o paisaxe galego e outros tipos de terras verdecentes, mariñás e nórdicas tamen. Fíxémonos un instante na fachada cantábrica da Península, dende o fondo do golfo de Vizcaya hastra a ribeira lucense. A montana é en xeral adusta, forte, nobre, arquitecturalmente disposta. As rocas secundarias, tendidas en capas sobrepostas, com' as escraviñas d'un capote tramontano, érguense en serras de feitura mural, crébanse en picos fragmentados que rompen en aguillóns feridores as nevoeiras rubidas do mar. A liña da costa é un longo cantil combatido rítmicamente pol-o empuxe ariético das oleadas. Os vals son entr' eles aillados, difrentes, alí amontóase a poboación conservando hastra os nosos días un particularismo local que non hai en Galiza. Elquí as parroquias son individualizadas naturaes e humanas, mais francamente abertas unhas pr' as outras. D' un con ó outro do noso país as bateladas das parroquias respóndense sen solución de continuidade apenas, faguendo cando morre a tarde, o seu coro de lembranza, o cramore saudoso de toda a nosa Terra. A costa cantábrica non se desfai en ledas illas, nin se franquea nas soaves ondulações das praias. Na costa nóa parece qu' asistimos a un xogo cósmico antre terra e mar: elquí a sirena atlántica gusta de faguel-o seu leite, é un mar mitolóxico, unha especie de Grecia atlántica onde danzan os coros d'unhas oceánidas moi desemeillantes das da Grecia clásica, como é desemeillante o mar Egeo limitado e pequeno, da fartura d' auga, ceo e nubes do Atlántico.

Os galegos somos mais fillos da terra e do mar que do ceo; será qu' en parte o ceo é un produto da terra e do mar. As nubens levántanse do

Atlántico e mais das terras molladas, dos lameiros espallantes, dos regatos, das pantásticas carballeiras outonizas. En Castela por eixemplo, a nube é unha cousa transitoria, antipática, esteticamente: elas son coma manchas no limpo e desesperante esmalte da vouta azul. Soilo teñen certo valor estético esas nubes decorativas, apoteósicas, que s'ordean en chameantes baldaquinos nos ocasos solenes do sol. O castelán domiñado pol-o ceo, sobr' unha terra recocida, é home que nos seus tipos superiores produz o místico ou o tolo sensual; o seu horizonte redondo e lincitado com' unha praza de touros, erra en círculos concéntricos hastra chegar a unha ardente ideia fixa. Soilo lle pode interesar da natureza o produto económico—pan de cada día—ou o bravo cheirume das plantas da estepa. As terras levantinas dormen unha siesta, axitadas por paixós africanas, todo o luxo da vida concéntrase na conxestionada coloración das flores. A voluptuosidade andaluza está feita do duro contraste antr' a forza da vida tropical e o castigo do sol vencedor da humidade. Estes sentimentos doorous da vida non son posibles eiquí: como no Xapon, como en Maryland, ou en Bretaña ou en Irlanda, a nosa atmósfera húmeda e tibia ten algo de *Serre chaude*, síntese un pracer de vivir parecido ó que deben sentir os corales e as estrelas de mar, estendendo as suas ramosidades sensitivas n-unha anga tépeda e cariñosa. Esto ten difrentes grados. D' eiquí o contraste das terras ourensanas dotadas con maior número de xornadas de sol, co-a orla atlántica, levada pol-os vals moi adrento da terra.

E que tarde chegaron os nosos poetas a sentir en certa maneira a lirica do paisaxe! Moitos falan si, d'arbres, de flores, de prados, qu'o mesmo se poderían colocar na veira do Henares ou do Guadiana. Tamen n-isto Pondal sentiu o bico da Terra, o leve roce da neveira, o valor sustancial das orballeiras e das brétemas.

Na portada de NÓS está o símbolo esmaltado do pan e do viño. Esta portada merecería ser esculpida no Pórtico da Gloria, debaixo do arbore de David, ou xenealoxía do Cristo, a mais admirabile interpretación románica do Evanxelio, como esta obra do Castelao é a acabada simbolización das fontes vitais de Galiza.

O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chao galego, non separados senon penetrándose e dividíndose en complicadas figuras. Pra nós o pan é o *centeo* e o viño o da *cepa vella*, de cepa torta, coma osatura d'un patriarca. En Ourense inda miramos as americanas com' un fato de damiselas neuróticas, vítimas do *surmenage* e necesitadas de

total-as drogas pra botar o viño. O centeo, cereal d'inverno, pasa por tantas calamidades com' o paisano que o precua. Agoanta xiadas, neves, chuvias, nasce antr' il si chove moito, un lameiro de xaramagos, senradelas e gramas; cando está vizoso e alto, tremando co vento en ondas comovidas, o paisano, sempre pesimista, di: «pasa moitas noites fora». Recólleo con cariño especial, porque é o recurso da facenda doméstica, xa pol-o grau que se garda na arca tradicional coma pol-a palla que sirve pra tapal-a chouza, afundal-o facho e facer o leite prá paredura da porca. O paisano tenlle mais lei ó centeo qu' o millo. Antes vivía de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os altos chaos graníticos, abertos, d'inverno duro, onde o cuco chega mais tarde, e a vida soilo vai ben na horta do cura ou nos abrigos do pazo. O millo simboliza a alianza atlántica. Petulante, guapo, co seu pompón domiñador e a sua esaltación sexual, contrasta co-a castidade e modestia do centeo. É o presente das Américas ás terras húmedas da Europa, o seu ouro parente d'aquél lexendario asolagado nas augas de Vigo.

O labrego do pan e do viño son moi difrentes; a agricultura das cepas require unha coñecencia fonda das leises atmosféricas, un inxenio e unha técnica oportunistas: ó contrario do cultivo do centeo, mais suxeto a leises invariabres.

Por iso o ribeirau prautica unha filosofía escéntica, é un ironista brillante, un falador cheo de sezonadas esperencias, moi difrente do montañés que cree na eternidade das leises, na causa primeira e na sabiduría dos vellos. Hastra na miña terra obsérvase o contraste na música das festas: as murgas ou bandas da ribeira son doces, arroladoras, cantareiras, esmaltando as suas tonadas con funambulescos solos de cornetín ou orxásticos finais de redoblante. A música da montana, mais grave, arrinca fondos sonidos, é, como decía un paisano meu, unha música de *caldellos*. O mesmo que se dixu por xente moi ben cultivada da música alemana. Total: a vella oposición entre Rossini e Wagner.

N-istes tempos, o tapiz vexetal da Galiza trasfórmase moito: o castaño morre, en moitas terras soilo queda a sua lembranza. O eucaliptus que forma bosques enteiros, é tamen un arbore mundial; vido do outro hemisferio, acoubou eiquí bravamente. Os que poseen terras en Galiza, cando se convenzan de que a única nobre vida señorial é a vida do campo, deben lembrarse dos vellos fidalgos que prantaban alciprestes preto das suas casonas, e tiñan tanto coitado en encher a horta de pomares, de peras de Dofia

Xoana e de Don Guindo, de laranxeiras, toronxiles, a froita de moda na Edade Media, nogueiras, cerdeiras e toda caste de froita de óso e de pepita. Elquí hay que traguer moita pranta do Canadá, dos Estados Unidos: wellingtonias, araucarias, as árbores coníferas dos iroqueses; e tamen do Xapón, árbores paradisíacos de follas, lucentes e globales froitos d'ouro. Mais por Díos non prantedes nin acacias de bola nin palmeras. A acacia, arbol municipal, ético, de presupostos ten en si unha cursilería que entristece. O seus redondeles de sombra non poden agarimar un idilio fecundo. A palmera fai o efecto d'un pantalón de franela branca n-unha tarde de inverno desfeita. E si está n-un tiesto pintado de verde, ten un noxento carauter tabernario.

Xa falamos algo da terra; agora hay que falar dos homes. Os homes xúntanse en aldeas, en vilas, en cidades, e a diferenza entr' a aldea e a vila é un traballo sumamente difícil. A vila ten un aspecto urbano que non ten a aldea; tamén n-esta hai certa ordeación, mais en canto aparecen as aceras ou as famosas acacias de bola, xa temos a vila. A vila é unha habitación de señoritos e comerciantes. Así com-as cidades teñen na Galiza pouca variedade, a gama das vilas: antigas, montañesas, de augas, de comercio, de señorío, as naturalmente formadas, as feitas pol-os caciques, as que viven do refrexo da cidade, as que se formaron por conxugación de outras, com'os microrganismos, as que frorecen coma frora de ruínas sobr'o solar d'unha cidade morta, as que teñen mercado cuberto, as que teñen tren que para alí, as que soilo ven pasalo expreso e disfrutan nada mais do misto e do mercancías a horas sempre absurdas que non permiten o paseo pol-o andén, as que postas na veira mar parecen non enteirarse do tráfico mariño, as que teñen forzas vivas con muelles novos, etc.; a variedade é infinita e faría falla un longo estudo fundado n-unha aproveitada esperiencia. N-estes derradeiros anos vai nascendo unha forma que poidéramos chamar *itineraria*, por que as casas novas prolónganse ó correr da carretera, sen mais centro qu' a taberna ou a tenda. D' unha maneira provisional deixaremos estabrecido qu' as verdadeiras vilas teñen algo dominador difrente da torre parroquial: o concello, qu' ás veces ten unha torre ou *beffroi* que dá á agrupación unha importancia inmensa.

Vou faguer eiquí sementes o estudo *grosso-modo* d' unha aldea da miña terra, non digo da miña provincia por qu' isto das provincias aínda que s'atope moi arraigado, debe desaparecer por que non ten fundamento ningún. Non vou falar de Galiza enteira si non d' unha molécula

d' ela. No meu depacho da aldea teño o vello e grorioso mapa de Galiza por Fontán, catedrático de Matemáticas Subrimes na Universidade de Compostela alá pol-os anos de corenta e tantos. Imos escoller un anaquiño moi pequeno d' ise mapa sinalado por un punto co nome do lugar da Elrexa, e divagar un pouco sobr' a maneira de ser da terra e dos homes d' alí, sen pretensión centífica ningunha, sin intento de sistematización.

Xa está demostrado por todol-os modernos escritores galegos—Rodrigo Sanz, Vilar Ponte, Risco, etc.—que a unidade vital galega é a parroquia. Esta de que falo está n-un país de transición entre montana e ribeira. É o que chamamos unha *boca-ribeira*, con amprios horizontes cinguidos pol-o cerco lonxano d' altas montañas, con costas que baixan car' a ribeira do Miño. Mistúranse terras de pan con terras de viño, toxales e piñeirás no alto, con carballeiras e salgueirás nos regatos; n-estes baixos a viña rube lentamente conquerindo os terreos abrigados do Norte e da xiada, inda no alto. O chau en xeneral é malo e delgado, o arado canta ó topar co-a roca suyacente na maioría das terras, que son herdades de centeo e de millo; as nabeiras poucas e cada paso mais disputadas pol-os herdeiros n-as partixas. O gran nemigo é a sequía; non hai augas correntes tod' o ano. Si non chove, pérdense cas-que total-as colleitas de millo, patacas, centeo, algún liño e pouca herba seca.

A rega do millo false gracias ás pozas, sacando en xeneral a auga por medio dos *bimbastros*, o que dá un dos traballos mais penosos baixo a raxeira canicular, ou na mañá moi cedo. N-esas horas, o xemer do artiluxio da poza parece un berro de door do labrego ant' a perda inevitabile da colleita. Outra gran preocupación é a manutención do gando; as herbas son poucas, non hay apenas montes comunas e os qu' hay son secos e pedreños. A angustia dos días secos do vran auméntase co enorme traballo de moer a farfina: hay que buscar muiños en ríos lonxes, cando non moen as aceas dos regatos próuximos. Entón, rapaces e homes fan longos viaxes por costas ásperas co fardel ó lombo. A poboación está axuntada en sete ou nove lugares de corenta, de quince, algún soilo de dous veciños. Tamén hay lugares arruíñados, postos en quebradas ond' as cepas secaron, as fillas casadas buscaron lugares mais alegres e abertos, onde fan trouladas e fiadeiras, preto da eirexa e das romaxes, da tenda, á veira dos camiños pasaxeiros. As ruínas en xeneral teñen a melanconía da relatividade das cousas humanas. As ruínas d' edificios artísticos, se eles foron edificadas c'un

fondo sentido do país, son aínda vivas; as vexetacións parasitarias continúan e esaltan a obra do artista; a mín, as ruínas das casas labregas: unha pedra de lareira, un cortello esmoroado, a pedra furada d'un lagar, parécenme tan respetables com' as ruínas d'un mosteiro. Son estas ruínas com' os corpos dos labregos, os que mantidos de berzas e bica, mistúranse decontado co-a terra do camposanto; d' estas ruínas recobra posesión a natureza, un piñeiro, un érvedo, chega pra esnaquizar as n-outroira amadas parés petrificadas.

No campo traballan todos: homes, mulleres e nenos. En conxunto, os habitantes da parroquia divídense en dous grupos xeográficos distintos, pol-a situación, pol-a maneira de levar o traballo do campo, e hastra pol-a maneira de ser: os *das campanas arriba*, e *das campanas abaixo*. Com' a cirexa está posta pouco mais ou menos no lindero das terras de pan co-as de viño, o paisano agrupa así os seus veciños, tomando a língoa expresiva da cirexa, a campana, no seu sentido místico de poder espiritual sob' os malos espíritos pol-a virtude do bronce. Os das campanas arriba teñen ós outros por menos abertos no trato, por rosmadores, disimulados e raposos. Non sei si n-esto haberá unha infantil interpretación do simil do hourizante amprío da altura co hourizante limitado do val fondo. No traballo distínguense: os d' abaixo están afeitos a levar pesos, cargas d' estrume e de leña por camiños onde non poden andar os carros. Teñen millo de rega, o seu orgullo mor, e son case ribeirais com' os veciños do río.

Imos faguer unha lixeira evocación do estado d' estes homes, comenzando pol-o sentimento que teñen da organización e vida polítea, por aquilo de qu' o home é un *animal político*. Coma esta parroquia non é cabeza d' auntamento, a súa existencia polítea está completamente subordinada. Pódese dicir que non hai sentido administrativo nin menos político; domina o individualismo mais com' preto. «O que fai ben ó común non sirve a ningún», oise en todas as bocas. Cando o pedáneo—que por regra xeneral nadie sabe quen é—manda rozar as silvas qu' estorban o camiño, fano de mala gana; ninguén quer aguantar as augas no seu terreo, e o maior pracer que poiden experimentar, é coller por unha muradella feita con toda paciencia, un anaco de camiño ou de monte comunal, ou cando un arbore veciño vai solapadamente quedando comprendido dentro do muro do eido. O paisano ten o sentimento da terra no sentido da súa eternidade; il morre, virán outros, sempre adscrito á gleba com' os servos, considérase com' un alici-

dente na vida infinita do eido. O eido! É todo pra il; si hai tromenta, pensa n-il antes que nos fillos. O marifeiro, afeito a arar na extensión do mar, ás continxencias do perigo, do golpe de mar ou de vento, ten un maior desprecio da riqueza. O labrego non. Nin vello cangado e desfeito quere desprender dos eidos pra qu' os traballen os fillos, os xenros, os herdeiros. É de ver cando di un labrego:—«é meu». Como esalta a a súa cerdeira, a resistencia da lumieira da súa porta, a larganza do seu curral, e o axe dos seus ácios de caño, ou a barbadela da súa becerra.

Os procedementos agrícolas son os de sempre: non se ten a menor noción de toda a técnica xa acostumada n-outras terras. Hai que ter en conta que se fala d' unha parroquia ben apartada, mais non das da rexión montanosa da provincia, xa que dende ela oise o abafar da caldeira do tren—nuncio d' auga pronta—e a trepidación dos autos. A industria é sementes caseira coma non poide menos e aínda s' atopa n-unha triste decadencia, que fai a vida da familia escrava das combinacións dos comerciantes da cidade. Xa case non se tecen lenzos nin se fía estopa, nin apenas se coce bica. Xa moitos mercan un agrio pan de mal trigo pol-as dificultades e o prezo a que sai o bon pan de centeo. As vacas case que todas mal mantidas, e moitos días a conta allea, dan o leite pra facer manteiga pra vender na feira ou no mercado. A tiranía da tenda vai sendo cada vez maior: os mozos mercan uns xéneros qu' o millor cambian de coor c' unha boa molladura d' auga ou de suor. Toda a desfeita das cidades ven cobril-os corpos e alaxar as casas da aldeia d' onde van faltando as fermosas cousas ben tecidas e ben traballadas, aqueles enseres e roupa que nunca se gastaban n-as que s' iba depositando a maneira de ser, a alma da familia. Unha vida de prestado en todo aquilo que non toca directamente co-a loita da terra. Unha industria familiar e local ben desenrolada, non é o coroamento que debía ser da existencia nobremente traballadora do pobo dos agros. Agrávase a situación co-a dificultade e imposibilidade das comunicacións; os camiños vellos, aquelas calzadas tan ben empedradas, feitas pol-os conventos e os concellos de honrados petrucos, vanse esmoroando pouco a pouco, mais aínda alabeadas e rotas, son os únicos anacos de camiño regular. Aquelas vellas pedras que gardan com' un venerable palimpsesto os rastros de tantas pisadas d' unha ronda infinita de xeneracións d' homes mansamente loitadores, as rodeiras de tantos carros! Dos mais camiños, os que non se fan no bo chao pol-a pisada constante d' homes e animais—como na estepa d' África—

vale mais non falar. Todol-os invernos se convirten en leitos de torrentes ou en balsas d'auga dormida.

Non imos intentar unha psicoloxía, unha estética do habitante n'estas condicións, pero si voume permitir sinalar uns cantos feitos, coma contribución ó estudo necesario da aldeia.

Unha das cousas mais intresantes a estudar en todo agregado social é o desenvolvemento individual repeito á masa colectiva. Será da antigüidade da raza, ou da variedade do chao, ou da dispersión das vivendas, mais o feito é qu'a raza galega ten un grandísimo desenrolo da personalidade individual en todas as súas formas. Enganaríase fondamente un observador superficial que non vira n-un fato de labregos xuntos na feira ou na romaxe, se non un agregado dos mesmos destinos e iguais caracteres. Esta calidade por un lado imposibilita as boas obras colectivas, porque aínda independentemente do fondo xeneral de tradición e do bordado mais que superficial de cultura, teñen un concepto seu do mundo e dos homes. Nós, os da vila, ou pol-o menos señoritos d'aldeia, nunca chegaremos a penetrármolos ben da íntima facies do paisano. Mais, cousas coma iste desenvolvemento da personalidade individual, son fácilmente demostrables: contrasta co-a pasividade das masas obreiras do proletariado cibdadán. Será iste un efecto da cultura mal dixerida dos segundos fronte a vida naturalmente libre dos labregos? Cecais. O paisano fala sempre, discute sempre, ten un sistema de lóxica discursiva moi particular e somellante ó de moitos grandes oradores: o procedemento dos circos concéntricos. Ora, que moitos ilustres conferenciantes e parlamentarios perden a testa nas voltas, e o noso labrego non; todo lle sirve pra demostrar ouxetivamente a su tesis inicial. A iniciativa individual é grandemente apreciada n-as aldeias, e os homes que esceden n-iste orde, exercen unha especie de sacerdocio, ou profesorado, coscente ou incoscente nos seus conveciños. O galego gosta da especulación, moitas veces pol-o soilo afán d'especular, e razoa hastra as cousas intuitivas ou mecánicas. Ora, qu-iste sacerdocio do individuo superior, exercido pol-os vellos, está hoxe gravemente comprometido pol-os *Chés* e pol-os homes de cultura mecánica cibdadán. Hai paisanos que falándose dos patrós vellos, famosos pol-a sua sabiduría pragmática, chámanlle filósofos, certando notabremente co-a aplicación non pedantesca da verba. Do fondo d'istas ensinanzas dos vellos, xurde e sigue a cotío producíndose folk-lore, o estudo do que é

a millor canteira pra o coñecemento da i-alma galega.

Consecuencia d'iste desvolvemento é un certo afán de gloria. O labrego busca lucirse no adro da eírexa, no círculo dos amigos. Hay que ver coma se gaban de cargar ben apromado un carro de toxo, ou de nunca perdel-o seu viño; e das mulleres non digamos nada. Hainas verdadeiras pitonisas en materia d'amores, de roupas, de matanza do porco, de devoción, outras practican co-a sua verba afiada com'a fouce na pedra, un dominio de terror n-as veciñas, e fan pechase as bocas de mais sabidencia. Pero cando mais goza o paisano, é cando pode volver tolo a un abogado. N-este sentido, hai na política abondo de personalidades representativas de cepa paisana.

Ó lado e moi preto da razón grave e doutoral, xurde a sua caricatura: o que se da tono, o que se escoita canda fala, e embebece a mela dúcia de pasmós. Iste tipo sole ser branco da sátira, e chámanlle *profeta, prosas, de primera*; etc.

Tocante á leenda e á ciencia, están moi diferentemente representadas na aldeia. Nas duas manifestacións fundamentais do espírito, asistimos a unha substitución lenta da primeira pol-a segunda. Xa é un tópico dicir que secaron as fontes mitolóxicas da i-alma popular, mais os contos, as lendas (históricas, máxicas ou simplemente heroicas) aínda teñen o seu público, non sempre disposto pra confesal-as aficións, en verdade..... Eu coízo un sacristán que foi cabo no reximento de León, estivo na América, traficou co sarrio, e hastra sabe de motores de gasolina e ten lido algúns volumes da Biblioteca Sempere, que é home de sentido irónico, e de formación pseudo-mecanicista, que todas as mañás de San Xoán rube á espadaña espido por comproto, pra tocal-as campanas por qu'isto fai boas colleitas. Inda n-un fato d'homes chegados d'America, leídos e escépticos, o voo d'unha volvoreta negra faíles correr un xerro d'auga fría pol-o lombo. Ó falar do sentimento relixioso, voltaremos sobr' este tema. Tocante á ciencia e cultura libresca, é de notar o imenso prestixio da letra impresa! Calquer cousa, unha insensateza ou maldá postas en letra d'imprenta, fai na aldeia unha impresión fonda; e teño observado que o labrego lé con mais gosto as noticias atrasadas; agora que como só lé nos istantes de vagar, e son poucos, a influencia dos periódicos está en razón inversa da aitividade agrícola. Por iso os movementos populares non se producen nos vras co-a unanimidad esperada pol-os seus autores, porque esa é a época do traballo mais rudo. O libro é unha cousa familiar: coma o paisano

só trata con cregos, médicos, abogados e boticarios descoñece as outras profesións liberais. Inda ten un gran prestixio a cencia eclesiástica: os tomos teolóxicos ou canónicos qu'inda poseen os sobriños dos cregos, disfrúitan d'unha veneración particular. Teño visto na aldeia libros de cabaleirías, *Os tres mosqueteiros*, os *Idilios* de Gessner, coleccións de sermóns. E eiquí vou notar a falla en que estamos d'unha formidabile altitud na feitura e porpaganda na novela. Así coma estou convencido de que o labrego non sente a poesía lírica, esta forma de épica que é a novela, tería unha masa imensa de lectores, apaixonados e fondamente intresados na narración. Moitas veces sorpréndese un na aldeia ó atoparse con supervivencias e brotes de formas ou de cousas que xa consideramos mortas: un vello salmeroniano que sabe de seguido un discurso de D. Nicolás; outro que ten pol-o colmo da sabiduría as frases pronunciadas por algún Presidente da Diputación, en certo auto solene. A cultura dos americanos é meramente espiritual, o que viron comparado sempre co d'eiquí. Casque todol-os que chegan falando mal das indulxencias, creen qu'en Cuba o sol está mais perto da terra, e que si abren de todo as esclusas do canal do Panamá, asolágase deseguida todo o archipiélago das Antillas.

N-esto do sentimento da natureza, é sabido qu'o galego ten un sentido da vida animada do planeta, un sentido mitolóxico e vital oposto á concepción semita do home central d'España. Isto é un dos principais elementos do folk-lore: pero tamen hai o tipo que mostra fronte a todas as formas da vida un desprezo fondo; lémbrome d'un tal Xerónimo, gran bebedor, qu'estivo na China e na Patagonia, e dicía moi seriamente qu'os chinos eran parecidos ós de Barbantes, e que os patagons eran os homes desprezables que non distinguían de viños.

En arte, son naturalmente barrocos e impresionistas: prefiren a coor á liña, a escultura e arquitectura pintoresca, as combinacións patéticas ou grotescas das artes plásticas, que chegan ó berro do door ou d'alegría. Un meu amigo dicía que s'estaba desenrolando unha arquitectura *ché*, do mais abominable: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidades axustadas á maneira particular de cada terra, está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo—a Galiza vital e o porvir da raza—un xénero de construción cívica incómoda, cursi, e feo. Os vellos pazos arruínanse, e menos mal cando quedan en poder do abandono, xa qu'as edras, os érvedos e os niños de mouchos son a fermosa

decadencia d'unha bela arquitectura, mentras os balconcillos de cemento, o portland, os materiais innobres, sinifican coma deixon demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámparas da arquitectura.

A vida da familia non é soila na aldeia; queda a vida de relación desenrolada nas operacións agrícolas—as mallas, as escasas, as vendimas,—e no adro da eirexa. A vida de sociedade do novo labrego está moi necesitada de que por parte dos elementos galeguistas, se faga unha campaña pr'a súa milloración. Soilo acodindo antr'iles pederían os nosos intelectuáns nazionalistas faguer unha boa sementeira, porque ne-la fórmase a opinión pública da aldeia. Tímida, cobarde, imprecisa, esta opinión téñ que ser mañá a forza e o miolo da Galiza futura.

Moitos mais aspectos da vida aldeán poidera desenvolver, mais non poido pasar en silencio o aspecto da relixión. Isto é moi delicado e moi difícil de coller as súas características. O paisano en xeneral, téñ un concepto fondamente politeísta da natureza e da vida; a súa devoción vai sempre encamiñada a ís inmediatos; rara vez chega a unha concepción da esenza da doutrina católica. Os cregos padrican todol-os domingos e a eirexa-cemiterio é o punto central da parroquia; mais nos sermóns, o que mais lles interesa é a parte hestórica e simbólica da Escritura e das vidas dos Santos. Se sometéramos a un labrego intelixente a un verdadeiro exame dos mandamentos, xa que íse é o cadro no que cristaliza a súa educación moral, chegaríamos a moi sorprendentes resultados. O rescate do pecado pol-o sacrificio, equivalente á pena, a bondadosa consideración car'o demo, con toda a súa lección d'auxiliares, un certo escepticismo sobr'a existencia do Purgatorio, unha intensa influencia da Providenza nos feitos agrícolas e sociais, figuran antr'os caracteres que poderían estudiarse n-unha consideración atenta.

E remato. Compre que todos s'afagan a pensar que só no cultivo da xente do campo está a formación d'unha Galiza com'a que desexamos todol-os verdadeiros fillos d'ela. A vida escasa, recollida, imperfecta das aldeas, está necesitada d'un amoroso coidado, d'unha longa milloración chea pra nós de sacrificios e desespranzas, mais que é un deber pra nós.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.



## DE MIN

*A os grandes poetas da Galiza  
Cabanillas e Varela.*

Sou um triste castelo ao pé d'um mar brumoso:  
eternamente a ouvir histórias de naufragios  
A voz do vento negra de presagios...

Sou velha cruz em ermo penhascoso  
Onde as aves da noite vão cantar  
Embragadas de sombra e de luar...

Sou lívido pinheiro  
Phantástico, a rezar na encosta d'um outeiro,  
Quando os vales soturnos escurecem  
E as nuvens, como sonhos esquecidos,  
No céu empalidecem...  
E em religiosos lábios doloridos  
As boas tardes choram...

E perolas de luz tremendo afloram  
N'aquele etéreo manto de veludo,  
Manto da Virgem Mãe de Deus cobrindo tudo...

Vivo da negra morte alegremente  
Que ante mim se alevanta imensa de ternura,  
Como de encontro às bandas do Oriente  
Ergue o Marão a trágica estatura...

Vivo da negra morte que me empece  
Na lua que detrás dos montes aparece;  
No soturno perfil, á noite, dos penedos,  
Na brisa a semear murmurios e segredos...  
Na aurora desmaiada,  
Esse cadaver branco de afogada,  
Boiando á flor de nuvens cheias de agua,  
Com um lírio nas maus desfeito em cinza e magua...  
Em tudo o que me cerca de tristeza  
E em meus olhos acende espiritual beleza:  
Phantasma de anjo a voar, branca, visão celeste,  
Prateando, ao de leve, a rama do cipreste...  
Uma sombra caída aos pés da cruz...  
A morte já distante da agonia,  
Extática, vestida em nacerada luz,  
Toda sonho, luar, melancolia.

TRIFEIRA DE PASCOAES.

## ORBALLO

EXÉGESIS

*B. Vicente Risco*

Unha pinga d'orballo  
é muxica estelar pura e vibrante  
d'orixen celestial. Beleza inxente  
nun grauciño brillante  
Inquedo, sídeiral, tremelucente...

Unha pinga d'orballo  
antes de vir nas aás do relente  
a fulxir na enxoyada galanura  
d'un touzal de topacios trasparente,  
foi bágoa, aló na altura  
do vello Aldebarán, canso e doente.

Unha pinga d'orballo  
é unha bágoa da noite, que escintila  
na arista d' unha estrela:  
Nasce d' ela,  
n' ela un instante brila,  
e pasenifamente se destila  
cruzando a noite pra calmar a arela  
d' unha sedenta frol, da Terra estrela.

Unha pinga d'orballo  
modosiña e petada baixo as herbas,  
facetada d' estranas claridades.  
Iquen pouse a vela, alcontrará verdades  
que no ha topar nas mais profundas verbas..

N=unha pinga d'orballo  
poida que chegue a Gracia deica nos:  
!Visión astral, luz, vibrazón, salayo..!

(!Cada pinga d'orballo é o mesmo Dios!)

BLANCO AMOR.

## A ESTRELA Y-O ATURUXO

*Pra Jean Cición*



SOR da trevoza saudade das cantigas, resfina das xurdio aturuxo é un luminoso lostrego d'outiva rebeldía.

Nasce o alalá manseliño. Abafado de tristura, ateigado de morriña, dorido d'amor, o cantar percorre os vieiros froridos da

tenrura, rube a homildosa congostra da emoción, chega as soedás sereas da Lembranza, y-ó atinguir o Cume-alma—recente *edelleceas* da nosa lama, isolada antr'os neveiros de sentimento—morre de fadiga coas máns dereitas cara ó ceo n-unha derradeira impregazón de piedade.

Mais o aturuxo non. Desque áchase ceibe dos peitos variles deica o finare, o aturuxo é un ergueito berro de loita.

Namental-o alalá tende ás lonxanías o aturuxo leva implícita unha eternal aspirazón ó outo.

A cantiga ten acougo na y-alma. O berro lanzal ten-o no curazón.

Aquela amostra o que a raza ten de feminda. Iste dí o que de cote haberá en nós d'esgrevia puxanza.

No altar do amor á Terra Nai, iste é o viño da ofrenda y-aquela a sagra fogaza eucarística. Viño de tollice no que afundimos a nosa manse-dume pra xurdir, ispidos d'escenticismo, no día da redenzón. Pan do noso sufrir. Cativo consolo da nosa fame de xusticia.

Cando o derradeiro saláio de cantiga atereci-

da de dór vái bicar os labres cantareiros, xa o aturuxo esperta pr'o asolagare coa sua enxurrada xigante.

Anque somelle paradoxo, endebén o seu rire rexoubeiro, o noso berro alcóntrase ferido de saudade, d'unha saudade aínda meirande e mais fonda qu'a que carrega o alalá.

Saudade d'Alén-mundo.

O aturuxo namoraron-o as estrelas. Namoroun-o bíblico luceiro da lexendaria vixilia de Nadal y-emeigáron-o as loiras estrellas a cuia procura ascendeu a noite rebuldeira do Señor San Xoán. Iso é o que o move a buscare nas trevas da noite pecha unha escada pra rubire, pra rubire ond'ás muxicas cósmicas. Ise é o segredo do noso berro.

¿E non haberá quen ceibe un aturuxo que chegue hastra elas? Mais sí, un día non moi lonxano. N-ise día o Escolleito baixará dos cumiaes queiroguentos da nosa Terra. Terá o falar mansiño coma verba de noiva, coma *berceuse* garimosa de maí. Virá pra traguel-a boa nova. A suas doutrinas cecais veñan auxidas do espírito qu'aloameaba os concetos do Aniel: «Cúmplenos sermos fortes ou desaparecer».

O novo evanxello fará xermolar nos curazós a semente da rebeldía. Y-o pobo asoballado, enantes de escomenzal-a loita co traizoeiro inimigo, rubirá ó seu Tabor—n'unha homérica xuntanza—pra sosprender nos ronseles estrelecentes do ceo, nuncios laboraibes. Onietzscheano «superhome», o Escolleito, na vangarda dos conxurados da liberdade, ha-os guiare ó mais outo cume da pátria. Cos ollos desvairados d'amor, coa fronte nos astros y-o curazón aceso da sagra febre romántica, lembrará o Lancelot, Percebal, ou Gauvain, aquiles barudos cabaleiros que partiran, en edás lonxanas, cara ó Northumberland, a conquerire o Santo Graal.

O pobo chegará ó cume, arrodando ó Escollito. A noite, lazarada de constelacións, apougará os peitos d'arripiños agoirentos de loito.

De súpeto un aturuxo formidabel, coma un se desgaxar de montañas, troarán sobor das testas atónetas y-as facianas descoridas. Todos os ollos fitarán o Escollito, e no silencio incedente da meia noite o rebumbio do eco d'aquél berro xigante restalará com' un chicote vingador.

O aturuxo iráse alonxando, a por da outura estrelecida.

O milagre farás' estoncelas. O alarido, dardexante cal unha lanza esguía, ferirá de morte

unha estrela virxe e roiba. O pobo ficará agardando o seu descer. Desfeito en choiva miudíña com' orballo d'ante-mañán o astro unxirá a familia irredenta coa gracia da fé e da esperanza. Sant Yago, acolá enriba, ensinarános o seu carreiro empoeirado de pitagóricos vagalumes.

Y-a Raza voltará o ollar pró niño do sol, disposta a escomenzal-a cruzada.

D' alí pra diante o aturuxo, xa ceibe do seu encantamento, non será mais de qu' unha toleirona gargallada de trunfo...

FRANCISCO LUIS BERNÁRDEZ.

## QUOD NIHIL SCITUR

TRADUCION DE XAN AZNAR PONTE

(Continuación)

Volvo ós siloxismos, cuia sotilísima cencia arruina total-as cousas. Dixen xa enantes qu' os nomes, unhos son comuníseos, coma ente, verdade; outros menos comúis, coma sustancia, calidade; outros particulares, coma Platón, Mitrídates. Hai moitos intermedios, os que non significan nin tantas cousas com' aquelles, nin tan poucas coma istas, taes son, corpo, vivente, animal.

D'eiquí resulta fácil, ó que pregunta si o home é sustancia, demostrarllo c' unha soa verba. Sustancia significa total-as cousas qu' eisen por si mesmas, com' o home, a pedra, o pau: logo é sustancia. Mais íles buscando arrodeos, pra qu' a sua cencia non caia no dispregio por demasiado fácil, fána difícil e traballosa involucrando as verbas, gabándose de demostraren e probaren centíficamente qu' o home é sustancia, coiste siloxismo en Barbara, especie de castelo inespugnable: todo animal é sustancia; todo home é animal; logo todo home é sustancia. Dixeron verdade, mais iforantemente e mais escurementemente qu' o podería faguer quen o soupe-se. É igual que si dixeras: sustancia significa así os viventes com' os non viventes: vivente significa o home e a cerdeira; e pol-o tanto, d'end' o primeiro ó derradeiro a sustancia significa o home.

Mais por tantos grados intermedios o espírito perturbase e duda mais de cada un dos interme-

dios. Non é isto cecais aquilo que dixeran Aristóteles *«quod de praedicato dicitur idem de subjecto dici»* 12 Estas son as paixoes dos nomes; 11 mesmo di: *«quod est multis modis dicitur: causa autem uno modo dicitur: natura dicitur uno modo, necessarium dicitur.»* Finalmente, todo o qu' hai na Metafísica e demais obras d' Aristóteles, son meras deficiencias nominaes. D'eiquí que toda cuestión verse en col do nome das cousas, coma por eixemplo na verba sustancia se pode dicir do home, e igual das demais. Coma ninguén pode saber iso con certeza, non hai cencia ningunha, nin das cousas, nin das verbas. Dis: estabrezamos de novo os nomes. Consinto. Logo xa sabemos qu' esta verba significa isto. É falso: non sabel-o que é a verba, non sabel-o que é isto, non sabel-o que é significar; logo non sabes qu' esta verba significa isto. Próbao como sigue: iforadal-as partes, iforaras' o todo; e ti comigo iforal-as partes e o todo, por conseguinte, nada sabemos. Por qué, logo, ti que nada sabes, coa gran iforancia das verbas chámalle cencia sutil, e a min e a ti, ambos a dous iforantes, precuras encher de meirande fárrago e meirande iforancia? Pra pareceres sabio, dis: Mais sucederá o contrario: pois namentras celebras cousas falsas e ridículas, e pregoas que sabes moito, eu considéroche inteiramente iforante, porque non sabes que non sabes nada.

ESTÉTICA  
DA MUIÑEIRA

POR

EUXENIO MONTES

(CONTINUACIÓN)

ALBERTO  
ANTONIO AD

BUENOS AIRES

(1927/1928)

SH  
ss  
on  
c  
cu  
ate  
us  
ca  
f  
er  
a  
o  
ah  
a  
Ar  
as,

sabero que e simpicar, logo non sabes qu esta

## ANEUDOTA

Fai uns anos, n-un teatro de París, unha danzadora eslava, cumprindo asina a profecía de Mallarmé, trezaba un baile que facía descargar nas facianas espantadoras longos xestos de estentío e estupor.

A xente atónita veía que a bailarina esquecera os soños complementarios, que bellaba sin

música, pra decilo de unha vez. Pero e posíbre que a xente non vise que a bellarina que bellaba sin música levaba na mau un pano acongozado de adeuses, que ciscaba no corpo extinto de seu compatriota Demetrio Daghileff, fundador da compañía de ballets rusos.

## O QUE DIXO DA DANZA GOETHE

Non podería negarse que huxe eisiste; ó menos en certos seutores, unha forte xenreira contra o Renacemento, a quen se culpa de ter afastado a evolución natural da Edade Media. Coido eu, e fúndome pra elo en razóns que cecais espoña aíxíña, que hai moito d'inxusto n-esa xenreira.

Si me noxase o Renacemento, ademais, non sería pol-os motivos que ós demais lle marguran, senon por outros, pro, lonxe de margurarme, pol-o contrario lédame. De ter que decidirme e inclinar-me a un dos dous extremos, mais ben m'arreconchegaría en Nietzsche que nos da Aición Francesa.

Ante todo o Renacemento foi unha ademira-

bre afirmación da vida. Na Edade Media coídábase que a vida era unha loita entre materia e espírito. No Renacemento óllase a materia como unha potencia ou posibilidade espiritual. O espírito vólcase sobre cauces inéditos e faise o camiñar por imprevistos vieiros. Afástanse n-il as distintas potencias que se recortan en novas direccións. Unha d'estas novas direccións foi a estética. No seu «Kants Begründung der Aesthetik», Hermann Cohen esprica porque esta ciencia somentes se pudo erguer na época renacentista. A estética, di, precisaba pro seu nacemento que se separase o saber do creer.

Ó principio depende a súa sorte da sorte da

filosofía e dirixese escrusivamente sobre as consecuencias do problema do coñecemento. Pergúntase que é a beleza e como é posíble. Dimpois váise vendo como son posíbles as distintas expresións da beleza, devanceirando, en algún modo, a táctica que máis tarde había de inmortalizar á Kant. Convencidos os estetas de que a pregunta ¿como é posíble a beleza? non podía atopar resposta inmediata, esnaquízana en cachos máis cativos e concretos. ¿Como é posíble a poesía? Como é posíble a música? Arrédase o problema xeneral en beneficio dos particulares. Pra rematar de decilo: convencidos de que se non podía definir de un xeito o arbor, quiséreno definir definindo unha por unha as gayas.

Non embargante, houbo unha gaya do arbor que foi esquecida e esta galla non é unha das menos frondosas e froridas. Inda no século XVIII, a comenza do século XIX, Dubos publica unhas refreicións críticas sobre as artes particulares; fala da pintura, da música e da poesía, non menta o baile. E o mesmo Kant, dimpois, cando verte sobre a Estética o rescoldo fumegante do seu xenio, e di con verbas que inda hoxe estontan que o arte é un xogo, *spiel*, e sinte a cobiza de tentar unha crasificación de tódalas artes, esquece tamén a danza. «Hai, di, atendendo ós medios expresivos, artes da verba, artes da forma, e artes do xogo d'expresión». Non inculca na terceira fórmula o baile, engurruña en troques na segunda a xardinaria, oficio que, somentes enchendo de sentidos benévolos as verbas, se pode chamar arte da forma.

Hai que chegar hastra Goethe pra topar o baile unxido dos aceites do arte. D'el dixo, n-unha frase que hastra eu vin nas reclames de Tórtola Valencia, entre a literatura perla Kepta de Hoyos, que era a poesía do corpo.

Compre agora que eu revele un segredo. Vou contar porque Goethe recoñeceu a danza como un arte, namentras os outros estetas non a superon recoñecer. O que vades lér nin il o refriu, nin eu o vin nos papés do conselleiro Sorel, nin

nas conversas de Xan Paulo Eckerman. Endeben en seino. Goethe dixo que a danza era a poesía do corpo, porque tiña ollado os bailes aldeás, mentras que os outros estetas sóo ollaran os vilegos.

Nin Winckelmann e Baumgarten na Alemaña, nin Edmundo Burke na Ingraterra, nin Dubos na Francia, ollaran outras danzas que as danzas das vilas. E estas non eran propiamente arte. Os bailes das crases baixas eran prebeyo remedo das da corte. As danzas da corte inda pousadas nos vellos espellos volados, máis que un fin eran un pretesto. Eu sinto n-esto non coincidir co-aquiles que repiten as verbas do mestre Marcel, que en férvedos panos gardou Wanda Landowska. Sábese todo o que hai n-un minué, porque certamente o que hai n-el é ben pouco, e l-e pouco nada ten d'artístico. Friaxe non é o mesmo que elasicismo, e no minué somentes hai friaxe.

O Renacemento era un produto vilego, produto d'obreiros e non d'aldeás. O arte do Renacemento era arte obrerista, pro non arte popular senon arte de homes do pobo eruditos. Non quero arrincar consecuencias d'esto, abóndame somentes c-unha observación: os obreiros saberán faguer todo o que se queira, todo menos bailar.

Goethe saía a miúdo do seu pazo de Weimar a percorrer o campo, e cando tornaba á casa traguía os seus ollos tinguidos de maravillosas perceucións.

«Non deixa de ter razón noso amigo Schütze, que fai tódalas seméas un viaxe o agro. Imos seguir o seu eixemplo». (Conversas, tomo 2.º)

Non soio pol-as terras pretas, senon aínda pol-as lonxanas. Fai un viaxe á Italia. Na súa Alemaña e na Italia sorprende en varias ocasións romaxes dos paisanos que o mollan de castas emocións artísticas e lle penduran dos ollos divinas visións.

Eu sei que tiña carón d'el a lembranza da visión d'un romaxe cando dixo que a danza é a poesía do corpo.

## DOS LIMITES DA DANZA

Adiantámonos a gabar a sutil comprensión de Goethe que soupo, en tempos en que, a verdá sea dita, ninguén o sabía, recoñecer a danza como un arte. Compre agora que vexamos si en efecto Goethe tiña a danza por un arte autóctono. Compre agora que, co debito acatamento e respecto, dilucidemos o conceito do autor do Fausto. Porque, serea, detidamente ollado, coidar que o baile é a poesía do corpo, non é coidar no fondo que o baile é, sementes hastra certo punto, arte? Canto mais se vé n-unha cousa de outra tanto menos se vé da cousa mesma: defender un xénero por unha modalidade de outro é suxetalo a unha dependencia que lle nega a persoalidade.

Do mesmo xeito que Goethe define a danza como unha modalidade da poesía, eu podo definir a pintura como unha modalidade musical, a escultura como unha modalidade arquitectónica, a arquitectura, como Coleridge quería, como unha modalidade da música, como unha música de pedra. Endebén, nin a pintura é música, nin a escultura pintura, nin a arquitectura pedra musical. Tampouco a danza e poesía, nin música,

nin nada. A danza, perdoade a perogrullada, é sementes danza.

Ben sei que Goethe o decir que a danza era poesía do corpo, non cobizaba expresar que as leis, as normas de ela estiveran subordinadas as leis poéticas; en rigore Goethe soyo quería facer unha metáfora. Non importa, si me deteño a refutar ese xuício non é tanto por il mesmo canto porque n-il se espellan un dos meirandes trabucamentos modernos, e porque un trabucamento en Goethe suscita mais noxo que en outro calquera.

Parece, en efecto, que a época contemporánea se nega a comprender a viabilidade de un arte por si mesmo. Cada sorte de arte crése mais xurdia cando pode amosstrar reflexos de outras que non cando se ensina como algo específico. Todo o século pasado, viviu coa arela do arte único, do arte, mais que sintético, sincrético.

Lémbrese, a iste respecto, a Wagner, ó impresionismo, ós simbolistas, ós teatros de Arte... A arela persiste, persiste inda, e o ballet ruso, en derradeiro análise, non é mais que un xigante e agónico esforzo en col d' iste tema.

Un dos pionniers do arte novo, certamente moi pouco novo, Sean Cocteau, tenta reivindicar tamén o asunto. En seu gracioso libro «O galo e o arlequín» refire que cada arte debe pertencer as nove musas; e o que il chama proba por nove. (Jules Romain decíanos malévolamente que Cocteau no é un Cocteau, sinón un cock-tail). Eu diría que, pol-o contrario, un arte non é tal mentras se entregue, non xa as nove musas, tan siquera a dúas. Eu diría que, como un casto amante, cada arte non debe ser poseído sinón pol-a musa propia.

Xosé Bergamín escribe donosamente: «Onte decíamos ¡cuidado coa pintura! Huxe decimos ¡cuidado coa música! Mañá, cecáis digamos ¡cuidado coa arquitectura!» Eu direille sempre a cada arte ¡cuidado cos veciños; ils son teus nemigos!

Xa é tempo de pensar en serio que si o século en que nos achamos ha ser algo, terá que ser un algo que camiñe en dirección oposta en todo o que lle precedeu. Por tanto, lonxe de camiñar ó arte úneco, camiñará mais ben ó arte diverso. O gran trunfo sería faguer de certos oficios in-cruso arte; mais que refundir os xéneros, aumentalos, en vez de confundir as musas, esciparalas. Isto quixo faguer o Refracemento, isto terá de faguer o porvir.

Eu son dende logo oposto a todo sincretismo,

máxime no arte, pro inda que o non fose serio pol-o de agora. Denantes de que un home e unha muller se casen, pra fundir seu espírito e sua sangre n' un fillo, precisan ser a muller, muller, e o home, home. Denantes de que a pintura se fundira coa música, ou a poesía coa danza tería de ser a pintura, pintura, a música, múseca, etcétera, e huxe inda o non son.

Cada xeito de arte, perdido en arredores, procurando xunturas, anduvo afastado de seu ouxeto autente. Penso que a reación non tardará en chegar, penso que cada arte arderá en xeneira contra as demais. Algo xa se nuncia. Algús pintores traballan na pintura pictórica, na pintura plástica, antianeudótica e antiliteraria e antimusical; algús músicos fan música pra os ouvidos, música sin conceptos, sin plástica e sin argumento. Confiemos en que o bó senso, tarde ou cedo, se imporá.

E curioso notar como a danza non se ten estrevido a andar soya e tuvo sempre precisión de apoyaturas, primeiro na música, logo na música e na literatura, dimpois na música, na literatura e na pintura. Conforme os días pasaron foi aumentando as nodrizas en vez de, ó vitalizarse, desentenderse d'elas. Non embargante un feito se nos presenta como un sintoma de alentos.

O Sr. Dr. João de Deus  
 Rua da Liberdade, nº 10  
 1.º andar  
 1200-000 Lisboa  
 Portugal  
 21-00000000

reira contra as demais. Algo xa se nuncia. Al-

Por erro d' axuste, o parágrafo titulado  
ANEUDOTA púxose primeiro que O QUE  
DIXO DA DANZA GOETHE, debendo ir a  
seguida de OS LIMITES DA DANZA.

Tamén se trastocou a numeración das  
páxinas.

Si souperas, teríache por enganoso e mintirán, por que te presentas sabendo moito. Isto somentes precurei eu decote por riba de todo-com' agora fago, ver si podía dicir qu' alguén sabe perfectamente algunha cousa; mais endexamais o atopei, a non ser n-aquill sabio e xusto varón Sócrates (inda que tamén os chamados Pirrónicos, Académicos e Escépticos, xuntamente con Favorino afirmaran o mesmo) o cal unha soia cousa sabía, que non sabía nada. Por isto somentes xúzgoo doutísimo, anque non satisfaga inteiramente ó meu espírito, porqu' il iñoraría isto, com' as demais cousas. Mais pr' asegurar millor que non sabía nada, dixo que só iso sabía; e por iso que nada sabía non quixo deixarnos nada escrito.

Moitas veces ven ó meu espírito idea de faguel-o mesmo. Pois, que direi que non sexa sospeitoso de falsidade? Pra min total-as cousas humanas son sospeitosas, inercuso estas mesmas que vou escribindo. Con todo, non calarei, senon que direi libremente isto, que non sei nada; pra que ti non traballes en vao buscando a verdade, agardando qu' algún día podías poseela.

Si consigo com' os demais descubrir algunha das moitas cousas que na natureza existen, suposto isto, dame creto si queres, eu non me hei coidar d' elo, pois ó fin total-as cousas son vanidade, coma dixo aquil sapientísimo Salomón, o mais douto dos que a nós entregou a memoria dos séculos, coma craramente o demostran as suas obras, antr' as que ten o primeiro lugar aquil librinho d' ouro chamado o Eclesiastés ou Concionator.

Mais volvamos á ciencia. O que determinou a Aristóteles a disertar tantas e tan extraordinarias cousas tocantes á contestura das verbas e a inventar os universaes, e si acaso nós podemos saber algo sin todo iso, amostrareino mais adiante cando trate do modo de saber. Namentras, asegún a definición d' Aristóteles, non hai ciencia ningunha. Adevírteo: a ciencia asegún il, obtense por demostración, mais, que é a demostración? Un sono d' Aristóteles non desemellante da República de Platón ou da do orador Cicerón, ou da do poeta Horacio.

Nada, e en ningunha parte eísiste. Describiuna certamente c' un discurso prolixo d' abondo; mais nunca viu ningunha, nin ningún dos que viñeron atrás d' il; si non é así dáa ti, mandam' unha. Nona téis, xa o sei; mais tampouco Aristóteles formou endexamais siloxismo ningún, a non ser cando os ensinou a construír, e enton non os formou con termos craros, si non con elementos A, B, C, e aínda así difícilmente. Porque s' houbera usado termos craros, nunca

houbera rematado o seu traballo. Realmente, pra qué sirven os siloxismos? Por qué traballou tanto en insinálos? Por qué dispois d' il traballan tanto os outros? Pra escribir nin nós nin il mesmo usamos d' iles. Nunca co-iles enxendrouse ciencia ningunha, antes ben pol' a sua causa moitas se perderon e perturbaron. Argüindo ou disputando, satisfeltos co-as simples consecuencias, aínda os usamos menos, pois, d' outro xeito a discusión non tería fin, e reducindo o siloxismo asegún o modo, asegún a figura, convertíndoo, e con outras infinitas bagatelas de cote s' había de disputar; e aínda hoxe algrás parvos fan isto, e negan todo o que non estea incruído n-algún modo ou figura; tanta é a sua estupidez, e a sutilidade e utilidade da sua ciencia siloxística que esquecidos por comproto das cousas, vólvense car' as sombras.

É cousa de admirar qu' o agudo inxenio d' Averroes e atrás d' il outros moitos, teñan tentado con inútil e enorme traballo reduciren a siloxismos as cousas qu' Aristóteles dixo moi prolixamente; e haxan querido demostrare que taes siloxismos son infalibres, certísimos e demostrativos, cando nada d' elo é así coma logo veremos.

Pol-a contra non é d' ademirar que San Agustín, figura grandiosa da Eirexa Cristiana, por si só, sin preceptor ningún depredara total-as ciencias, quitando a siloxística. A razón é, qu' as outras ciencias fúndanse en realidás, mais a siloxística é unha invención sutil que non sirve pra nada si non qu' antes ben é moi danosa, aparta ós homes da contemplación das cousas, e detenos en si mesma, o que se verá millor no curso todo das nosas obras.

Isto difire moito do qu' iles dín, quere se dicir qu' o siloxismo é o verdadeiro modo de saber e principio sin o que non eísiste a ciencia. Certamente dín verdade, mais sin sabelo. En efecto: a sua ciencia consiste n' iso, non saben outra cousa que formaren siloxismos da nada, ou sexa dos elementos A, B, C; si tiveran algo de que construílos, ficarían mudos, os que non entenden a mais sínxela proposición.

Mais volvamos ó noso asunto. Pois qué, o que enséña a construír anha casa, e il mesmo non a construíu endexamais, non sabe, nin os seus discípulos? Por qué hei creer eu que se debe construír así? Si non hai demostración, non hai ciencia. É falso qu' a demostración produza o hábito centífico, pois d' un iñorante, capaz non embargante de saber, nace a ciencia, amostRANDO somentes a demostración a cousa que se ha coñecer, pois isto mesmo quer dicir a verba demostración.

Eu nunca entendín a mais pequena cousa ou proposición d' Aristóteles e dos outros: mais incitado pol-as súas afirmacións aparelleime pra contemplar calquera cousa, e considerando as súas contradicións e dificultades, eu pra non ir envolto n'elas, deixeiños e fuxín car' as cousas nas que había fundar o meu xuício. Aristóteles foi pra min o qu' il mesmo me dí ter sido Timoteo pr' os demais cantores: si Aristóteles, Platón e os outros filósofos non huberan sido coma foron, poda que non fora eu tal e coma son.

É fácil ver que parvos son os que van buscar toda a cencia nos autores, dispreciando a observación das cousas. Efectivamente: aquí que m' indica algunha cousa co dedo, no produz en min a visión, sinón qu' escita a miña potencia visual pra que se reduza a auto. Por iso paréceme unha gran parvada o qu' algúns afirman, qu' a demostración concruí e infire necesariamente de principios eternos e inviolabres; cando cecais non eixistan taes principios; ou si eixisten son enteiramente descoñecidos coma taes principios pra nós que somos moi corruptíbles e violabres en moi pouco tempo.

Por iso ó contrario, a verdadeira cencia si eixistise, sería libre e procedente d' entendimento libre; si por si non percíbise a realidade, de ningún xeito a percibiría forzada pol-as demostracións. Estas somentes obrigan ós iforantes, ós que lles abonda co-a fe. Porque é que ti infires iforantemente moitas proposicións d' Aristóteles co-as que finalmente constrúes un silloxismo

en Barbara, tí que non entendes unha soila d' esas proposicións? Coida millor de tí; deixa a filosofía pr' a que eres absolutamente inepto; se cada serías un bo arquitecto ou zapateiro ou si queres remendón, os cales preparan madeira, pedras, panos e coiros en forma polida, non en Barbara coma tí, sin preguntar o que sexa a madeira, a pedra, o pano ou o coiro, si non de que xeito han facer co-iso unha casa, un vestido ou unhas chancas pra César; namentras que tí, usando d' un poder cesáreo, constrúes un laberinto no que colles a tí e mais ós desgraciados que se imitan a tí, ós que lles falla o frío da razón, o certo é que tí non sabes nada e afirmas qu' enséñas ós demais; tampouco sei eu nada e mais intento persuadirte aquilo, cando descoñecendo ti aquilo non poderás comprender isto; nin eu que iforo todas as cousas cho podo demostrar. Por conseguinte nada sabemos.

Velequí o qu' eu quero demostrar. Sigo co-a definición da cencia. Esprican o hábito dicindo bu' é un agregado de moitas concrusións. É d'admirar como deixando enteiramente a realidade vólvense de cote ás súas funcións, semellantes á gata d' Esopo que trasformada en vírxe, aínda despois de trocar de forma pillaba ratos. Realmente esa é a sua cencia, pois non saben mais que moitas concrusións e nada de realidade. Houbo alguén algunha vez que definiu a 'visión com' un agregado d' imaxes?

(A seguir)

UNHA NOVA TEORÍA ENCOL DO HOME

## A TERCEIRA DIMENSION DA VIDA

V órvos dare novas d' unha obra curiosa da que di Cassianus Keyser, profesor de filosofía matemática da Universidade de Columbia, que ha faguere época. Esta obra, da que ningún aínda falou na Hespaña, é orixinal de Alfred Korzybski.

Pro enantes de vos falare d' aquela, coído comenente escribir unha sinxela biografía do autor: Korzybski é un conde polaco, inxenheiro, que ós comezos da gran guerra pelexou nos


exércitos de Czar. Ten sons de notabre matemático. Seus ascendentes foron tamén matemáticos e filósofos.

Agora que xa sabedes do home, faigamos un estraño das ideas capitais da sua obra que se nomea *The Manhood of Humanity*.

Korzybski querenos probare que o home non é un animal, senón a terceira dimensión da vida. Eisi coma as cousas teñen tres dimensións, a vida ten as taes dimensións tamén. As plantas



ARCO DA VELLA, por FERNANDEZ MAZAS



son a primeira dimensión; os animais a segunda, e o home, a humanidade, a terceira dimensión. Porque o home, según Korzybski, non é unha planta nin un animal. O rasgo que caracteriza ás plantas, a todo o reino vexetal, é a súa capacidade para acumular a enerxía solar. A planta, o árbore, recollen a enerxía solar e acumúlana en follas, que os animais poden comere. O animal non acumula enerxía directamente. Ten que buscar nos vexetaes as vitaminas que precisa. Síntesi: os vexetaes pertencen a crás de vida que acumula enerxía solar.

¿Ora qué é, pois, o animal? O animal móvese d'un punto a outro. O animal ten conciencia do espazo. Ocupa o espazo é tarefa sinxela, agás cando dous ou máis animais tratan d'ocuparen o mesmo espazo. N'este caso hai un conflito. Síntesi: o animal pertence á crás de vida que acumula espazo.

¿E o home? O home difrénzase do animal en que acumula tempo. Acumula esencia de séculos en tradicións, de xeito que as xeneracións venídeiras poidan usar o pasado. Un home pode faguer os planos d'unha casa e seu fillo pode construíla. Pode inventare unha máquina que o seu neto pode perfeccionare. O fillo non emprincipia a vida onde principiou seu pai; emprincipia onde concluiu seu pai.

Os animais non acumulan tempo. A formiga e mall-a abella, por intelixentes que elas seían, non acumulan tempo. Cada xeneración emprincipia onde principiou a anterior.

Hai, pois, tres crases de vida, o mesmo que hai tres dimensións. Todos saben que se non poden misturarse as dimensións. Non pode engadirse un pé liñal a un pé cúbico. Non pode sustraerse un litro d'un kilómetro. A área é unha cousa e o volume é outra. A crás de vida que acumula espazo e a que acumula tempo, son tamén dúas cousas diferentes, e emporiso, en fódal-as nosas teorías sociais e políticas, na nosa filosofía, no noso empeño por regular a conduta humana, non se recoñecen estas dúas crases de vida.

Eisí como é absurdo tratar de faguer que un peixe ande, porque se lle saca do seu elemento e dos seus instintos de nadare, é tamén absurdo —di Korzybski— someter ó home á categoría de vida que acumula espazo. O peixe fora da auga,

aleiteia; o home, tratando d'acumular espazo—que non é a súa misión—tamén ha de se mover tontamente, coma o peixe, e poriso as guerras e os disturbos de todo xénero.

A nosa estrutura social áchase basada n'un falso conceito fundamental. Coidamos que o home é un animal, pro como non actúa coma un animal, engadimos que é algo máis. Dicimos que é un animal máis unha moxena de divindade. E construímos cárceres pr' ó animal e eirexas pr' á súa moxena divina.

Entende Korzybski que temos de refacere toda a persente filosofía humana, recoñecendo que o home non é un animal, que non debe acumular espazo—o espazo chámase tamén territorio,—senon tempo. D' iste xeito o progreso humano faceríase en progresión xeométrica. Mentres confundámol-as dimensións da vida, mentres a humanidade actúe coma se fose un animal, tratando d'acumular espazo, ou seían cousas, persoas ou terreos, e non actúe coma un home, tratando d'acumular tempo, non poderá habere progreso científico.

Korzybski acompaña todo isto de fórmulas matemáticas, disque tan craras, pr' ós matemáticos, como notabres. As xeneralizacións filosóficas da súa teoría básaas n'aquelas fórmulas.

A teoría é orixinal; é tamén outro novo razón feito no xa descretado darwinismo e no imperialismo. Pro ¿podemos hoxe nos conformare co' as tres dimensións crásicas pr' as cousas? ¿É doado extraermos unha nova concepción pacifista do libro *The Manhood of Humanity*? Eu faigo istas preguntas e aquelas afirmacións sinxelas, non sin pensare que, si Korzybski coñecese o *saudosismo*, propio da nosa raza, enxergado en doutrina filosófica por Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Vicente Risco e Euxenio Montes, cecais o utilizara na súa eséxesis en col da terceira dimensión da vida—ho home acumuladore de tempo.

E abonda xa pra que os leutores se decaten do fundamental d'unha nova obra, refrexo d'unha inqueda, xermolada nas trincheiras da gran guerra, que deven nazonalista sin pretendelo e que Antón Lousada Diéguez podería criticare na súa *Teoría trascendental da velocidade*.

A. VILLAR PONTE.



# UNHA "HISTÓRIA DA COLO- NIZAÇÃO PORTUGUESA DO BRASIL."



«A hestoria en-  
séñanos qu' os  
pobos que realiza-  
ran grandes cou-  
sas, foron aqueles  
que contiveron os  
seus esforzos den-  
tro dos límites en  
que é posíbel des-  
envolveren e fixa-  
ren a súa particu-  
laridade nazonal»  
—di H. S. Cham-  
berlain no seu li-  
bro: *La Genèse du*

*XIX<sup>me</sup> siècle*. Un pobo d' iste xeito é o pobo por-  
tugués, que do seu amor ó chao natal, do seu  
fondo sentimento nazonalista, sacou forza d'  
abondo pr' os meirandes emprendimentos, em-  
prendimentos qu' abrangueron a face do mundo  
ifteiro.

Un grandioso emprendimento centífico e ar-  
tísteco de primeiro orde, debido a ise mesmo  
sentimento, é esta *História da Colonização por-  
tuguesa do Brasil*, da que temos recibido os pri-  
meiros fascículos, e que nos asombrara pol-o  
imenso esforzo que repersenta tanto nas artes  
gráficas, canto na disposición sabia e belísima e  
maís na fonda erudición e cencia hestórica que  
n-ela puxeron.

Tan soberbia obra é unha ofrenda que á  
Patria Portuguesa fai a Colonia portuguesa do  
Brasil, con motivo da comemoración da Inde-  
pendenza da Nación Brasileira. A idea foi suxe-  
rida pol-a *Câmara Portuguesa de Comercio e*  
*Industria do Pará* e apresentada no Río de Ja-  
neiro á *Grande Comissão Portuguesa Pro Patria*,  
que a colleu con entusiasmo, e, constituída unha  
Sociedade Editora especial, confiouse a dirección  
a un ilustre home de letras: o Sr. Carlos Malhei-

ro Dias. Convidou iste a colaborar co-ill os homes  
maís eminentes do Portugal e do Brasil nas le-  
tras e nas artes, e d' iste xeito, anónicianos pro  
primeiro volume as colaboracións de Julio Dan-  
tas, Inspeitor das Bibliotecas e Arquivos; Luciano  
Pereira da Silva, Profesor da Universidade de  
Coimbra; Duarte Leite, da do Porto; Jaime Cor-  
tesão, Director da Biblioteca Nacional de Lisboa;  
H. Lopes de Mendonça, da Escola de Belas Artes;  
Carolina Michaelis de Vasconcelos, da Universi-  
dade de Coimbra; Antonio Baião, Director do  
Arquivo da Torre do Tombo, e Francisco Maria  
Esteves Pereira, da Academia das Sciencias. A  
dirección cartográfica confiouse ó Conselleiro  
Ernesto de Vasconcelos, da Sociedade de Geo-  
grafia de Lisboa; a dirección artística a Roque  
Gameiro, que é o ilustrador da obra, e a compo-  
sición e impresión á Litografía Nacional do  
Porto.

A parte gráfica é xa ela solla intresantísima,  
e darianos moito que falar; notaremos: A fermo-  
sa alegoría do descubrimento que ven no fronte;  
a orla do mensaxe á Nación Brasileira, por Gue-  
rra Junqueiro que lle sigue; as testas, florons,  
iniciás e primeiras ilustracións do cap. 1, que son  
de Roque Gameiro. Logo traí reproducións das  
táboas do famoso retábulo de Nuno Gonçalves,  
que tanta sensación causaran nos artistas cos-  
centes da Galiza cando o libro de José de Fi-  
gueiredo nol-as dou a coñecer, faguéndonos ver  
n-aquíl portugués catrocentista o gran pintor  
da nosa Raza. O tésto traí unha espricación das  
taboas por Afonso Lopes Vieira. Reproducións de  
cadros de Jorge Afonso, Cristovão de Figueire-  
do, e vistas dos Jerónimos, do convento de Cristo  
en Tomar e outros moimentos da Era Manuelina.  
Reproducións de gravuras antigas repersentan-  
do naos, aparatos d' astronomía e navegación,  
portadas de libros, iconografía da época, e tamén  
de documentos com' o Tratado de Tordesillas, a

carta de Estevão Fróis o Rei de Portugal, etc. É grande tamén a riqueza cartográfica da obra, que traí o planisferio de Toscanelli, os mapas de Cantino e de Canerio, de Pedro Rainal, Benicassa, Pareto e outros moitos importantísimos pra' hestoria dos descubrimentos, moitos d' eles reproducidos a todo coor.

E aínda teríamos que falar da parte puramente tipográfica, en dúas tintas, moi coidada e perfecta.

A *Introducción* da obra é un erudito estudo profuso e sólidamente documentado, encamiñado a probare que a chegada de Pedro Alvares Cabral ó Brasil, non foi debida á casualidade, senon intencional e deliberada, e aínda qu' esta ba nas instrucións recibidas pol-o ilustre navegante de parte do Rei de Portugal, obedecendo ó mesmo plan oficial e centífeco que guiou tódalas descobertas portuguesas.

O autor pasa en revista e vai desbotando, as diferentes espiaciós que se ten dado do casual e imprevisto do descubrimento: a da traución dos ventos, a da traución das correntes mariñas, a d'un erro no rumbo, as que vai amostrando coma son teóricamente imposibres. Examina tamén a hipótese d' Oliveira Martins, que supuxo que foi a curiosidade do mesmo Cabral qu' o levou a se desviar da derrota. O autor concruie que o desvío da derrota proba a intencionalidade do descubrimento, e o se desviar car' o W, proba a coñecencia anterior das terras austrais. Son indicios d' ista coñecencia, as verbas da carta dos Reis Católicos a Colón en setembro de 1493; o propio tratado de Tordesillas, en 1494; as noticias de Duarte Pacheco Pereira, no *Esmeraldo de situ orbis*, que se refiren a un suposto viaxe seu en 1498, viaxe que o autor reputa certo, con boas razóns pra' elo. Todo elo proba qu' os portugueses sabían que a W da súa derrota pras Indias, había terras. Ora, estas terras sabían iles que non eran as da Asia, coma pensaba Colón, que foi o modo d' iles desbotar' o proleuto do xenovés, senon unha terra difrente. Colón morreu pensando ter chegado á Asia, porqu' il inspirárase nas teorías de Toscanelli e outros sabios italianos, teorías xa coñecidas en Portugal dende qu' o Infante D. Pedro, o qu' andivo as Sete Partidas do Mundo, trouxera en 1428 o libro de Marco Polo, do que ven o conceito cosmográfico toscanelliano. Os portugueses tiñan feito xa expedicións no mar alto, ás Acores, Canarias, etc. Nos mapa-mundos de Becario (1455), Andrea Bianco (1436), Pareto (1455), Fra Mauro (1457), Benincasa (1476) aparece a *Antília* e outras illas ó W dos Acores. Ora, Diogo Gomes de Sintra di que o Infante D. Henrique «desejan-

do conhecer as regiões afastadas do oceano occidental, se acaso haberia ilhas ou terra firme alem da descrição de Ptolomeu, enviou caravelas para procurar terras». O fito dos portugueses, o mesmo que o de Colón, foi de cote a India lexendaria, o país das especiarias, do ouro e das cousas maravilhosas. Mais a coñecencia qu' os portugueses tiñan das terras occidentais non foi sabido das xentes d' outros pobos por causa da políteca de misterio aplicada pol-os portugueses ás súas navegacións, pol-o qu' entón se temia a concurrencia, e o desexo de sostel-o monopolio, como enantes faguían as repúblicas italianas. De xeito que anqu' agora apareza probado, non somentes a coñecencia que tiñan das terras occidentais, senon o ter sido iles os primeiros que concebiron a América com' un continente, xa que o mapa que no ano 1502 mandou facer en Lisboa o embaixador Alberto Cantino pra' lle mandar ó Duque de Ferrara, é o primeiro onde aparece deseñado o novo continente, faguendo continuidade as terras da Groenlandia, Labrador e dos Bacallaus, co-as terras austrais dos papagaios, onde aportara Cabral, a tal políteca de misterio foi a causante de que o novo continente leve o nome do florentino Américo Vespucio—que viaxara nos anos 1501 e 1508, en naos portuguesas, baixo as ordes d' un portugués a que il chama sen nomealo, o *noso capitán mor*, probablemente Gonçalo Coelho—a proposta d' un escuro cosmógrafo alemán, Ilacomyllo (Martín Waldseemüller) que publicou unha *Cosmographie introductio* en 1507.

No capítulo I, Julio Dantas fai unha xurdia evocación da brillante e groriosa *Era Manuelina*. Describe a opulenta e suntuosa Lisboa quíñentista, dona da India, e do mar, sintetizada na da Rua Nova dos Mercadores e do Pazo opulento do Rei Afortunado, a riqueza imensa da vila, a súa babel de xente do mundo inteiro, o esplendor da corte, as embaixadas dos reis e dos papas que viñan a Lisboa e as embaixadas que coma a de Tristan da Cunha que asombrou á Roma de León X, iñan ás cortes estranxeiras. Fainos vel-o esplendor das artes na manificencia dos Jerónimos, e dos edificios d' arte manuelino, cos seus encaixes de pedra, na escola de pintura da época, que sigue o vieiro aberto por Nuno Gonçalves: os Velascus, Gaspar Vaz e Vasco Fernandes da escola de Viseu-Coimbra e os Jorge Afonso, Gregorio Lopes, Pero Vaz, da escola de Lisboa, e o gran Cristovão Figueiredo; e os iluminadores coma Antonio de Holanda, e os ourives... Fala da nobreza de Portugal das setenta e dúas familias cuíos brasons mandou D. Manuel pintar na sala dos veados do seu pazo da Rivei-

ra e dos nobiliarios de Antonio Godinho e do Armeiro Mór.

Fala dos sabios portugueses, de Abraham Zacuto, de Pero Nunes, Garcia d'Orta, e dos que brilaron fora de Portugal: Amato Lusitano, Francisco Sanchez—de quen estamos dando a tradución do *Quod nihil scitur* n-estas páxinas; sexa de Tuy ou do outro lado do Miño, non ha ser moita a distancia—da ilustre familia de pedagogos dos Gouveas, e do insigne Damian de Goes, o amigo de Erasmo, de Lutero, de Paulo III, de Melancthon. E das letras da época, de Bernardim Ribeiro, Garcia de Resende, e o criador do teatro peninsuar, Gil Vicente.

No capítulo II oférecenos o Prof. Pereira da Silva unha hestoria da Arte de navegar dos portugueses que reseñaremos cando a teñamos lido por inteiro.

Obra feita e coidada con amor e con fonda honradeza artistica e centífica, sabio e fermoso moimento á gloria d'un pobo mais qu'irmao do pobo galego, esta fondamente istrutiva *Historia da colonización portuguesa do Brasil* recoméndase d'un xeito especial á nosa admiración, ó noso estudo e á nosa simpatía.

VICENTE RISCO.

## SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

### NOTA ENCOL DA EIREXA DE SANTA MARÍA DE MARRUBE



ACHASE situada no val de Lemos, a dous kilómetros d'Escalón (término municipal do Sabiñao) e a medio da estrada de Monforte a Chantada, n-un alto, no que remata a fonda encañada (ribeira) que forma o río Miño, enantes de chegar ós Peares.

A raíz do seu nome, *Mar-*, lembra a existencia d'unha marca sueva ou visigoda, ou cecais que s'acha no lindeiro ou *marca* de dous señoríos ou xurisdicións, e, a terminación *-rube*, fará referencia á empiñada costa que hai dende o río Miño e, no final da que s'atopa, xa que *rubir*, *rubina*, *rubido*, veñen significar rubida, costa, ribeira ou barxa.

A eirexa actual é na súa maor parte, obra de fín do século XVIII ou principios do XIX; d'aquí-les tempos nos que, dominadas pol-o medo que lles puxo a revolución francesa, as clases acomodadas déronse á tarefa de reedificá-las eirexas rurais, mais como baluartes contra da invasión das novas ideais, que tanto ameazaban os intereses creados, que non coma realción do sentimento relixioso; movemento que se traduxo en Gali-

za na lamentable reconstrución das catro quintas partes das eirexas rurais galegas, no estilo monótono, probe e frío da época (neo-clasicismo) tan arredado da verdadeira arte cristiana. E a iso debeuse a desaparición de tantos moimentos notabilísimos da alta e baixa Edade Media coma houbo n-este país.

Conserva a eirexa de Marrube, coma lembranza do anterior edificio, o ábside e mais a portada.

Anqu' o ábside é de planta circular e de puro estilo románico, do século XII, se non pode afirmare que sexa d'esa data, por canto en Galiza, mais que nada nas comarcas aleixadas dos centros de cultura, seguironse edificando por todo o século XIII e aínda no XIV, no estilo románico, enganando á quen non estea no segredo d'ise rezago da nosa cultura, sumida súpetamente, na maor decadencia, logo de ter chegado ó cume mais outo da arte, debido a que os nosos artistas e a nosa nobreza foran empuxados pol-a monarquía asturiana e leonesa pra Castela e a qué, co-a independencia de Portugal, ficamos completamente isolados dos nosos irmaos de raza e de civilización.

Pertenece o ábside da eirexa de Marrube, com'a eirexa do Mosteiro cistercense de San

Salvador de Ferreira, de Pantón, e mais a do Mosteiro beneditino de San Salvador de Chantada, ó estilo románico compostelán, tan eraramente distinto do románico asturián, do que se conservan tantas reminiscencias nas eirexas románicas do Mosteiro de San Miguel de Eire e de San Fiz de Cangas, tamen no val de Lemos (Pantón); do latino bizantino das eirexas do Vierzo, do que se conserva unha fenestra aximezada con arcos de ferradura na capeliña de San Miguel, que s'atopa na rubida ó Mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil; outra na fachada da devandita eirexa de Eire e outra n-unha casa en Alais, etc., do estilo bizantino da catedral de Zamora, da qu' o influxo fíxose sentir na provincia ourensana; e do románico catalán que deixou sinal nos derradeiros tramos da nave mór da catedral de Lugo e mais na cabeceira e nave do cruceiro da catedral d' Ourense.

E é que pol-o val de Lemos e Ourense, pasaba a fronteira, hastra á que s' estendeu o influxo artístico de Compostela; por iso, n-iste val, atópanse misturados, moimentos inspirados en correntes tan distintas. O que s' esprica, porqu' aquíl bó d' Alfonso II o Casto, en pagas dos grandes servizos que lle prestamol-os galegos, ós que deben o trono, dispuxo de gran parte das nosas eirexas (a metade das do val de Lemos) en favor da eirexa d' Oviedo, que se sirven d' elas pr' aumental-as suas rentas, que non pra rexilas; igual qu' os carboeiros asturiáns e os frabí-cantes de Bilbao e de Barcelona, a medio dos seus valedores palramentarios, dispoñen do noso traballo e peculio, en beneficio dos seus intreses rexionaes.

E son esas eirexas lemesas de Marrube, Ferreira, San Fiz, e as de Diamandi, Pombeiro, Pesqueiras, Ribas-altas, etc. de estilo compostelán, pese ó Mestre Raimundo, de Monforte, que contratou a reedificación da catedral de Lugo, pol-o ano 1120; mestre tradicionalista da vella cepa, continuador do románico francés importado no século X pol-os beneditinos e difundido pol-os bernardos mais tarde, que non chegou á asimilárese os grandes adiantos e innovaciós que representa a construción da eirexa compostelán no século XII; somentes así s' esprican as naves de vouta de cano, tan baixas e antiartísticas, das naves lateraes do coro, e os curiosos e intresantísimos tanteos que fíxo nos catro ou cinco primeiros tramos d' esas naves baixas, e das altas da galería, pra pasar sen o conseguir, da vouta de medio cano á d' aristas; o que realizaron, anos mais tarde os artistas cataláns ou valenciáns que fixeran os tramos derradeiros da nave mór, e que, ó pór remate á construción da

eirexa lucense principiaron a construción da catedral ourensana (cabeceira e nave do cruceiro).

O problema das voutas d' arista, resolveuse nas naves lateraes da eirexa compostelán cincoenta anos antes de que o mestre Raimundo de Monforte s' esforzara en inventar-o modo de resolvelo, en vao, porque pra elo requírese qu' a planta sexa un reutángulo perfecto.

E é isto tanto mais lamentable, canto que na catedral de Santiago áchanse iniciados todol-os problemas da construción (voutas por aristas e en oxivas, vouta en carto de círculo—naves outas—pra contrarrestare o empuxe das voutas de cano da nave mór, etc.) que permitiron por un proceso perfectamente lóxico e natural, pasar ó malamente chamado estilo gótico, que nin é cousa de godos (raza refrautaria a todo o que sexa arte) senon de galos e celtas, nin é un novo estilo distinto do románico, sinon somentes a continuación, ou millor dito, frolecimento ou derradeira evolución d' iste último, unha vez chegado ó seu preno desenvolvemento.

E volvendo á eirexa de Marrube, ten o ábside tres fenestras estreitas coma saeteiras, e os capitéis das columniñas que sosteñen os arquiños que as adornan son todos de follas estilizadas, ó xeito dos de Compostela, na sua derradeira evolución, o que acusa a transición ó século XIII ou o comenzo d' iste. Os canicelos que sosteñen o voladizo son todos iguaes, formados por unha sinxela escocia, lembrando os da capela da Corticela, da catedral de Santiago, e os das eirexas de Sar e San Lourenzo da mesma vila; sen teren a riqueza de motivos e a variedade que tanto fan campar outras eirexas románicas do val de Lemos e Galiza toda. Igualmente son de follas os capitéis do interior do ábside e portada, sen que haxa un sóo historiado.

A portada áchase formada por dous arcos concéntricos, adornadol-os touros con piñas, e lembra a portada da referida eirexa de Sar, en Santiago, e mais a do Hospital do Incio no municipio do mesmo nome.

O mais intresante da eirexa de Marrube, son as pinturas muraes, ó fresco, do devandito ábside, tan raras nas eirexas galegas.

No primeiro tramo do ábside, á man esquerda do esputadore, áchase representada a Adoración dos Reis (é a parte millor conservada). No fondo, tres Reis, un d' á cabalo e dous d' á pé, con altas coroas de cinco radios. Viste o primeiro unha túnica marea, cinxada na cintura, o segundo roxiza, e o terceiro un saio que lle chega ós xionllos. Predominan n-esta pintura as cores carmiñasas e mareas, o pardo e o gris escuro.

N-outro plano por riba d' iste, aparecen xa os mesmos Reis adourando ó neno Dios.

Na clave da vouta de medio cano que cobre iste tramo do ábside, aparece o rubio Febo, con cara de dios botando raios de luz, estrelas e unha cabeza de muller, que ben poidera ser o retrato da fundadora da eirexa, ou donante das pinturas.

As pinturas do lado dereito do ábside, áchanse en moito mais ruín estado, polo que faise difícil comprender ó primeiro ollar, o que significan. Repersentan ó meu xuicio, a Adoración dos Pastores.

Sobr' isto aparece no centro unha figura, ves-

tida de marelo traxe, que sinala un cadro grande. É o retrato do pintor? Será o do arquitecto ou o do donante? Que é o que s' acha repersentado n-iste cadro? No fondo do ábside, sobr' a vouta de cascarón qu' o cobre, áchase repersentado o Xuízo Final. Xesús con nimbo crucífero no seu trono, e á dereita a Virxe adourándoo, e' unha gran coroa de tres radios, seguida d' un fado de seis ou sete santas con nimbos, e outro fado d' ánxeos e santos á esquerda. Cerran o cadro catro ánxeos, dous de cada lado, con enormes trompetas, que lembran as repersentadas nas miniaturas dos séculos XI ó XIII.

XOQUIN ARIAS SANXURXO.

## ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

(CONCRUSIÓN DO VOCABULARIO DOS CESTEIROIS DE MONDARIZ)

|                        |   |   |   |                   |                              |   |   |   |                    |
|------------------------|---|---|---|-------------------|------------------------------|---|---|---|--------------------|
| <i>Rotolada</i>        | — | — | — | Festa             | <i>Usca</i>                  | — | — | — | Sol                |
| <i>Rabistel</i>        | — | — | — | Rabo              | <i>Vacaneira</i>             | — | — | — | O tren             |
| <i>Rabuda</i>          | — | — | — | Pescada (merluza) | <i>Vacha</i>                 | — | — | — | Orgao sexual f.    |
| <i>Redonda</i>         | — | — | — | Mazá              | <i>Valdroa</i>               | — | — | — | Ventre             |
| <i>Rema</i>            | — | — | — | Auga              | <i>Vatívo</i>                | — | — | — | Vaso               |
| <i>Renear</i>          | — | — | — | Chover            | <i>Verdea</i>                | — | — | — | Mazá               |
| <i>Reñeiras</i>        | — | — | — | Sardiñas          | <i>Verdeosa</i>              | — | — | — | Herba              |
| <i>Retorta</i>         | — | — | — | Chave             | <i>Verdeosa</i>              | — | — | — | Verdura            |
| <i>Roupeza</i>         | — | — | — | Roupa             | <i>Verdeosa de Xaracello</i> | — | — | — | Verdura            |
| <i>Rouzarce</i>        | — | — | — | Rir               | <i>Vigas</i>                 | — | — | — | Sardiñas           |
| <i>Ruan</i>            | — | — | — | Manta             | <i>Xabraloiros</i>           | — | — | — | Pelo               |
| <i>Ruto</i>            | — | — | — | Fogo, lume        | <i>Xabanco</i>               | — | — | — | Vello              |
| <i>Rusticas</i>        | — | — | — | Castañas          | <i>Xacomia</i>               | — | — | — | Ladrón             |
| <i>Renear</i>          | — | — | — | Chover            | <i>Xamarna</i>               | — | — | — | Compañeiro         |
| <i>Sabuñar</i>         | — | — | — | Saber             | <i>Xambras</i>               | — | — | — | Pernas             |
| <i>Santñar</i>         | — | — | — | Rezar             | <i>Xambias</i>               | — | — | — | Pernas             |
| <i>Santñeira</i>       | — | — | — | Silla             | <i>Xais</i>                  | — | — | — |                    |
| <i>Segar</i>           | — | — | — | Comer ou morder   | <i>Xamonco</i>               | — | — | — | Borracho           |
| <i>Sinado</i>          | — | — | — | Cabaleiro         | <i>Xaspiar</i>               | — | — | — | Pagar              |
| <i>Solteante</i>       | — | — | — | Solteiro          | <i>Xarabello</i>             | — | — | — | Caldo              |
| <i>Sotela</i>          | — | — | — | Rameira           | <i>Xaramonea</i>             | — | — | — |                    |
| <i>Solteante</i>       | — | — | — | Putafreiro        | <i>Xatos</i>                 | — | — | — | Bois               |
| <i>Sotelo</i>          | — | — | — | Aceite            | <i>Xebas</i>                 | — | — | — | Abellas            |
| <i>Sotrenar</i>        | — | — | — | Gardar            | <i>Xebo</i>                  | — | — | — | Paí, vello, pallón |
| <i>Sordia da Cigua</i> | — | — | — | Zucre             | <i>Xegua</i>                 | — | — | — | Navalla, canivete. |
| <i>Soyene</i>          | — | — | — | Ti                | <i>Xido</i>                  | — | — | — | Bo                 |
| <i>Tanguello</i>       | — | — | — | Fiadeiro          | <i>Xiniga-o</i>              | — | — | — | Filla, fillo       |
| <i>Tapuñir</i>         | — | — | — | Esconder          | <i>Xiria</i>                 | — | — | — | Bonita, fermosa    |
| <i>Tasca</i>           | — | — | — | Taberna           | <i>Xirigonza</i>             | — | — | — | Vergonza           |
| <i>Tarela</i>          | — | — | — | Peseta            | <i>Xiote</i>                 | — | — | — | Peido              |
| <i>Tarugos</i>         | — | — | — | Cornos            | <i>Xornar</i>                | — | — | — | Dormir             |
| <i>Tranquita</i>       | — | — | — | O tren            | <i>Xotos</i>                 | — | — | — | Bois               |
| <i>Tebra</i>           | — | — | — | Monte             | <i>Zaño</i>                  | — | — | — | Pano               |
| <i>Trena</i>           | — | — | — | Carcele           | <i>Zanguer</i>               | — | — | — | Beifar             |
| <i>Trincante</i>       | — | — | — | Dentes            | <i>Zuburro</i>               | — | — | — | Millo              |
| <i>Toula</i>           | — | — | — | Probe             | <i>Zurriquillas</i>          | — | — | — | Médeco             |
| <i>Trugil</i>          | — | — | — | Viño              |                              |   |   |   |                    |

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## DEPORTES

## OS PARTIDOS INTERREXIONALES

De todos os acordos tomados na derradeira Assembleia de Clubs de Foot-ball, foi sin dúbida o mais trascendental o da celebración de partidos antr' os equipos das distintas rexións Hespánolas—acetémos por unha vegada a terminoloxía polítega dos futbolistas—xogando un campionato do xeito do que cada ano se xoga antr' os equipos vencedores das rexións.

Foi o citado acordo moi ledamente acolido pol-a afición, xa que asína, ademais de ter ocasión pra se destacaren os valores futbolísticos de cada rexión, pode chegarse a saber a cencia certa coma en xusticia, se debe integral-o equipo hespañol, hastra agora seleccionado a capricho pol-a iflorancia e o caciquismo que n-iste orde impera, coma nos outros da vida do Estado.

A data indicada pra xogal-as seleicións catalana e galega, precisouse pró pimeiro de Xaneiro de 1923, preparándose o encontro de dous onces xurdidos, que atraguerán de certo á Pella dos Mares, miles de persoas coma no 14 de Maio pasado con ocasión da final Irán-Barcelona.

Non queremos, adontando xestos d'arúspice, espallar cábalas nin profecias en col d'iste asunto. Pro non é aventurado supor que si com'esperamos, os técnicos seleccionadores saben, ascendendo por riba de noxentos partidismos, cumprir co seu deber, Galiza ha mostrar coma non sómentes xurde no orde intelectual un magnífico renacemento.—GOAL.

## ASOREY N-OURENSE

O noso gran escultor chegou a Ourense onde ven deixar unha das suas grandes obras: o sepulcro pra Sra. D.<sup>a</sup> Dolores Santamarina.

Os redatores do NOS mandaron un mensaxe á Comisión constituída na Habana pro moimento a Curros Enríquez, pedindo qu'a execución d'ise moimento lle sexa encargada ó Asorey, N-Ourense, na Cruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra, Vigo e Madrid recolléronse as firmas de tódal-as persoas prestixiosas de Galiza.

NOS publicará no seu número que ven unha fotografía da obra d'Asorey enriba mencionada, é mais un estudo en col do insigne escultor galego.

## ESPOSICION IMELDO CORRAL

O gran paisaxista ferrolán abriu o día 26 de Santos nos salóns do Liceo, unha Exposición de cadros qu'atragnen poderosamente a atención do público. No número que ven daremos conta detallada d'ela. Imeldo Corral cada día asenta mais a sua sona e cada día son mais apreciadas e admiradas as suas obras.

## LIBROS

A PAIXÃO DO MAESTRO,  
POR PINA DE MORAIS.

«A vida grande é a íntima, a profunda, a obscura, que é dentro de nós como o relicario nas catedrais, como uma semente numa terra imensa e árida».

«Nem na terra que se pisa todos os dias, a

gente repara a pobre terra, quanto mais na vida. Conhecemos duma e de outra apenas os mostradores, como as crianças os relógios».

Estas duas parrafadas, escolleitas antr' as 90 páxinas da noveliña—que figura as confidencias d'un vello mestre d'esgrima, italiano, que ten na sua vida a traxedia d'un amor e un duelo—abondan ben pr'indicar que é unha novela d'alección interior, na que a traxedia, alén do amor e do duelo, está na y-alma do maestro.

E o maestro, de fala pintoresca e cosmopolita por veces, vai espallando o seu estado d'alma n-unha riqueza torturada d'imaxes brillantes, fondas, inagardadas, ningunha banal, d'esas imaxes que son símbolos, que caracterizan o estilo e o pensar do gran escritor que é Pina de Morais.

A Geralda, que lle sigue no volume, é mais un pequeno cadro rústico d'istes qu'agora se fan en Portugal, e que teñen un intrínseco, asegún nós, tanto pra hoxe coma pr'o futuro. Xa temos razoado outra vez isto.

Sigue o *Dialogo entre o Doiro e o Marão*, conversa filosófica antr' o río que pasa e a serra que fica, conversa que s'ergue por veces d'un xeito verdadeiramente xurdido, cando di o Marão: «a onda é água que quere ser asa é o teu mar que quere ser céu, canças-te de ser tam grande e viver tam baixo...» É logo: «deixaras-me no triunfo da minha solidão, ainda não contei todas as estrelas e ainda não sei de cór todos os mistérios».

O triste é unha hestoria da vida militar, bela e sentimental.

Polo derradeiro, *A alma da fonte*, é un conto fermosísimo, cheo d'emoção, de tenrura e de misterio, que verdadeiramente nos encantan.

## VELHAS SENTENÇAS,

POR ALBERTO VIEIRA BRAGA.

São do povo essas sentenças  
que en por mim quis estudar,  
composto delas cantigas  
pr'a melhor poder rezar.

E logo veñen cen quartetas, cada unha glossando un refrán antigo.

Hal dous xeitos difrentes de *retorno ó popular* na arte: o xeito descritivo (arte costumbrista)—Lamas Carvaxal, Lameiro—e o xeito que consiste en faguel-as cousas com'o pobo o faría—Rosalia (nos *Cantares*), Leiras Pulpeiro, e, un pouco, cáxeque tódol-os poetas galegos, aínda os d'agora. Iste libríño corresponde ó segundo xeito. E estas cousas homildosas e sinxelas teñen pra nós unha importancia social verdadeiramente grande. Por iso, libros com'o do señor Vieira Braga son decote merecentes da nosa gabanza.

## BAZAR, POR FRANCISCO LUIS BERNÁRDEZ

Unha *plaque* elegante ó xeito moderno, tirada en papel de fagner paquetes e ilustrada por Barradas—sen dúbida todo elo alusivo ó título e ó contido do libríño, que fala de xoguets—é o que nos ofrece agora o autor de *Orto*.

Coma a modernidade aínda non levou ó Bernárdez—rapaz equilibrado d'abondo—a rifar co sentido común, conserva da poesía *vella* o que debe conservar, e por iso aínda fai décimas

clásicas, embora o contido sexa moderno—non *ultra*, senon máis ben *humoresque*. Porque o fondo é sentimental.

Cecais a posición humorística sexa a mellor pr' enxergar a modernidade. Cecais a modernidade, o único que ten de serio é o que ten d' humorístico. E entón, o Bernárdez foi o que deu no fito.

Tamén, se cadra, o autor de *Orto* quer escondel o seu sentimentalismo atrás d' estas cousas, e isto é o que non consiguen de todo, porque n-íl o sentimental, o lírico, traiciónase, anque vaia collido do ganchete co Barradas.

#### A «FUNDACIÓ BERNAT METGE».

Recibímol o propeito da gran Coleición catalana de clásicos gregos e latinos que, baixo o patrocinio do Sr. Cambó, e a dirección do noso admirado amigo Joan Estelrich, seica principou xa a publicar a «Fundació Bernat Metge», empresa constituída pra difundir no pobo catalán a literatura grega e latina. A empresa colleu por divisa o nome do introdutor do humanismo nas letras catalanas. Nomes ilustres com' os de Rubió i Lluch, Bosch Gimpera, Pedro Corominas, Xosé Carner, Nicolau d' Olwer, Lois Segalá, Xosé M.<sup>a</sup> de Sagarra, Alomar, etc., anuncianse antr' os colaboradores.

O propeito di que se publicarán afixa obras de Lucrecio, Menandro, Cicerón, Horacio, Xenofonte, Hesíodo, Platón, Terencio, Marcial, Cornelio Nepote, Fedro, Séneca, Xuvénal, Aristóteles, Tácito, Catulo e Propertio, filósofos presocráticos e líricos gregos. As edicións de cada obra han ser tres: unha co texto antigo e a tradución catalana a carón, con introdución falando do autor, o seu tempo, as súas obras; hestoria resumida do texto; exposición de cada obra; notas; index xeneral, de nomes, glosarios, *incipit* de poemas e versos, etc. Outra levará somentes o texto antigo, e outra somentes a tradución catalana.

Trátase d' un emprendimento serio e dino de toda loubanza pra popularizal a outa cultura. O propeito fai a invocación da tradición catalana e máis á necesidade presente «literaria e social» d' unha renacencia clásica, que di se sinte en tódol os países de cultura superior. Por iso, iste emprendimento ten moito de pedagóxico. Porque nós pensemos d' outro xeito tocantes á necesidade da renacencia clásica—cremos mellor que compre ceibármonos da tiranía espiritual grecoromana—á fidelidade dos cataláns á súa tradición mediterránea—ainda isto habíamolo de discutir—é pra nós dina de gabanza.

Nós non temos en língua galega máis qu' as traducións d' Anacreonte que fixo D. Florencio Vahamonde. Mais o noso caso é outro. A nós intréanos a literatura grega e romana do mesmo xeito qu' a literatura inda, árabe ou finesa.

#### LOS GRANDES OCULISTAS DE EUROPA

Con este título, publicou o doutor Sal Lence un folleto interesante merecedore das nosas gabanzas de profanos. Un novo folleto, poderíamos decire, xa que o ilustre autor do notabre libro «A Refracción ocular», enantes d' agora ofreceu outros moi loubados á consideración dos colegas, froito das esperencias de catorce anos de traballo na súa clínica oftalmolóxica da Cruña.

A autoridade do distinto doutor Sal Lence,

lugués de nacemento, na rama científica da medicina que cultiva, ficou ben probada cando a salda do seu libro «A Refracción ocular», xa que entón os mellores oftalmólogos d' Europa nas revistas profesionais adicáronlle xuízos agasalheiros.

Agora o folleto «Los grandes oculistas de Europa»—impresións d' un viaxe que fixo derradeiramente polas principais urbes europeas pra estudar os progresos da súa especialidade médica—quer sere un homaxe ós seus meirandes colegas de Vello Continente. E iso é; pro é tamén un ensaio máis pra cantos teñen a misión de se adicaren centificamente á cura das doenzas dos ollos.

A ciencia médica galega conta con eminencias recoñecidas, e entre esas eminencias merece un lugare outo, dentro da oftalmoloxía, o noso ilustre amigo doutor Sal Lence, que coma home de fondo e craro talento, é tamén un galeguista entusiasta e un axudador patriota do erguemento da nosa cultura enxebre.

### REVISTAS

#### LA DOUCE FRANCE (dous números)

Do número d' agosto-setembro, sacamos:—*Question pour M. Leon Daudet*, que publicou *Le Stupide XIX<sup>me</sup> Siècle*, do que o II capítulo: *L' Aberration Romantique*, gaba a Balzac, a Veuillot, a Leon Bloy, a Barbey d' Aurevilly a Stendhal, a Baudelaire, Verlaine e Moreas, Sainte-Beuve e Fustel de Coulanges; desprecia a Taine, Renan, George Sand e Flaubert, e asañase contra Chateaubriand, Hugo, Michelet, Zola. Polo derradeiro, pensa que a poesía só produxo n-esa época obras verdadeiras na língua d' oc: Mistral, Aubanel, Roumanille... A *question* é pol-a preterición d' Alfred de Vigny.—Un estudo d' Emmanuel de Thubert encol do bardo breton Jean Pierre Calloc'h, do qu' hemos dar algo en NOS, —*L' Art de France*, reseña de esa asociación, fundada en 1916 por Em. de Thubert e Adolphe Cadot, anque xa dende 1913 a había e tiña por órgao o boletín *L' Art de France* hoxe *La Douce France*. O seu fito: xuntar ós artistas cos industriais pro desenvolvemento da arte decorativa francesa. Hoxe preside Edouard Henriot. O ano pasado, orgaizou a primeira exposición de pintura (Museo Crillon). Agora abriu unha sección musical, está orgaizando grupos rexionais, e quer reformal-o cinema. Aínda creou un teatro pra nenos.

Do número d' outono: un anaco do *Poème de la Victoire* d' E. de Thubert:—*Les grands thèmes baudelairiens*, por Gabriel Brunet.—E outras cousas.—De Louis Laloy no *Preface* feito prás *Appogiatures résolues et non résolues* de Georges Migot, sacamos a suxestión seguinte: «On a, de nos jours, divinisé l' instinct. Il est partout nécessaire, même dans les sciences exactes, où il prend le nom d' intuition». — D' un traballo d' E. de Thubert encol do pintor Jules Jean Denisse: «On ne se lève pas en vain dans la nuit pour aller chercher l'aube sur les collines: il nous vient de la rosée, du brouillard, du feu soudain du ciel un enthousiasme qui nous rend la jeunesse». Retemos isto pr' os poetas e pr' os artistas.

# AVISO OS LEUTORES

## PRECIO DA SUSCRICEÓN

O prezo da suscriceón do NÓS, incluído o franqueo, é de 6 pesetas os doce números na península e de 15 pesetas no estranxeiro, ou o equivalente en calquera outra moeda.

O importe da suscriceón remitirase ó señor administrador por xiro postal, cheque, letra de cambio ou numerario.

As páxinas d'anuncios do NÓS sómentes se ceden ós industriais e comerciantes cujos métodos comerciais creemos dinos e honrados; e por isto as nosas ofertas d' anuncio son todas sin compromiso. Si algún leutor atopa falsedás ou métodos impropios do comercio, n'algũa das casas anunciadas nas nosas páxinas, estimarémolle moito nos chame a atención, porque non toleramos que s' anuncie ningunha casa que non sexa seria.

## TARIFA D'ANUNCIOS

Insercións soltas de anuncios: Unha páxina, 60 pesetas; media, 40; tercio, 25; cuarto, 15; octavo, 8, e medio octavo, 5.

Estas insercións no texto e na última prama da cuberta teñen un aumento no prezo do 100%.

Cando se traten de seis a doce insercións farase unha rebaixa do 10% e cando se traten de doce insercións en diante a rebaixa subirá ó 15%.

Publicidade: Avisos oficiais, 2 pesetas liña. Informacións gráficas, 400 pesetas páxina e 250 pesetas media páxina. As fotografías e clichés serán de conta dos clientes.

Anuncios breves: Na Guía da Banca, Bolsa, Industria e Comercio, comprendida a suscriceón por doce números 48 ptas. na península e 60 fora.

Na Guía Profesional, comprendida a suscriceón á revista por doce números, 36 pesetas na península e 48 fora.

## CONDICIÓNS DO ANUNCIO

- 1.º O pago do anuncio efectuarase por inserción.
- 2.º Os dibuxos e clichés serán de conta do anunciante, a cuyo cargo estará a redacción do anuncio.
- 3.º O texto obrará no noso poder denantes do día 30 de cada mes.
- 4.º O trato do anuncio renovarase tácitamente si non se denuncia denantes do vencemento.
- 5.º O anunciante, no caso de errar no negocio anunciado, poderá rescindir o trato; pero terá que abonar o importe das bonificacións en rebaixa que se lle fixera.
- 6.º A xerencia poderá rechazar todo texto que considere perxudicial pr' á revista.

### ABONAMENTO DE SUSCRICEÓN

SR. ADEMINISTRADOR DO NOS

Mui señore meu: Complázome en remitirle  
.....importe da miña suscriceón a doce  
números do boletín.

A miña dirección postal é:

(Provincia de .....) )

De V. atto. s. s. q. e. s. m.,

### ABONAMENTO D' ANUNCIO

D. ....

contrata co xerente da Sociedade NÓS, domici-  
liada en Ourense, un anuncio de .....  
insercións ..... do tamaño de .....  
plano que se publicará .....

do boletín da cultura galega NÓS con arreglo  
á tarifa e condicións publicadas.

de ..... de 192 .....

**XASTRERÍA**  
**FREIRE HUICI & C.<sup>A</sup>**  
**S. en C.**  
**Real, 7 e 9, 1.º -- A CRUÑA**


## RAYOS X

OURENSE

|                                        |   |     |
|----------------------------------------|---|-----|
| CONTAS CORRENTES á vista.              | 2 | 0   |
| DEPOSITOS a 1 mes prazo.               | 2 | 1/2 |
| » a 3 »                                | 3 | »   |
| » a 6 »                                | 3 | 1/2 |
| » a 12 »                               | 4 | »   |
| En CAIXA DE AFORROS deica 10 000 ptas. | 3 | 1/2 |

AUGAS MINERO-MEDICINĀS, BICARBONATO-SÓDICAS

# MONDARIZ



1000  
**F. Román e Saco**

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE

REALIZAN TODA CRAS D'OPERACIOS DE BANCA E CAMBIO

ARNOYA FINO

significa o máximo da "delicadeza,, entr' os viños do Riveiro:  
sabe ben, entona o corpo, da a cara y-está presentado con esmero.

**Bodegas da Viuda e fillos de Xoa Fuentes**

OURENSE